Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 1 de marzo de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
Mª José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

Dª Mª. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día un de marzo de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(167).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de marzo de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(168).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA FÁTIMA. EXPTE. 4921/440.**
Dáse conta da proposta asinada en data 26/02/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440) na seguinte orde descendente:

| | **Licitadores** | **Puntuación** |
|---|---|---|
| 1 | ORESA, S.L. | **93,58** |
| 2 | CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | **92,85** |
| 3 | COPCISA, S.A. | **91,48** |
| 4 | NAROM, S.L. | **90,56** |
| 5 | PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.) | **90,25** |
| 6 | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI) | **90,24** |
| 7 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. | **89,20** |
| 8 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. | **88,91** |
| 9 | EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L. | **84,90** |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**3(169).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DE PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DE APLICACIÓN PROPIEDADE DE TERCEIROS. EXPTE. 8372/113.**

Dáse conta da proposta asinada en data 23/02/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**4(170).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PROPIEDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8280/113.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo" (8280-113)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo" (8280-113)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Dar conta da exclusión de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de xaneiro de 2018 por non acadar o umbral don 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor relativo á organización dos medios persoais.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) (8.280-113) na seguinte orde descendente:*

| | Licitador | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. | 100,00 |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.084,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o día 9 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 15 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor

do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor do 23 de xaneiro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de febreiro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do concello de Vigo" (8280-113) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.710,74 euros, cunha redución do 3% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3G das FEC do PCAP.*

b) *Comprométese a efectuar sen custo para o Concello:*

- *45 h/ano de programador*
- *37 h/ano de analista programador*
- *12h/ano de director de proxecto*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(171).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS PERTENCENTES AO PROXECTO "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE". EXPTE. 14400/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na data 18 de xaneiro de 2018 do licitador GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. do lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) polo motivo previsto na cláusula 13.5B do PCAP ("A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC").*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) na seguinte orde descendente:*

***Lote 1 "ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas"***

| | *LICITADOR* | *PUNTUACIÓN TOTAL* |
|---|---|---|
| *1* | *CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.* | *96,75* |

| | | |
|---|---|---|
| 2 | UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. | 89,95 |
| 3 | G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 87,76 |
| 4 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L. | 84,43 |
| 5 | CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 66,25 |
| 6 | GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. | 65,43 |

***Lote 2 IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web***

| | ***LICITADOR*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|
| 1 | CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. | 96,75 |
| 2 | UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. | 89,04 |
| 3 | G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 88,72 |
| 4 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L. | 71,30 |
| 5 | CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 58,97 |

***Lote 3 HOTR0108 - Operacións básicas de cocina***

| | ***LICITADOR*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|
| 1 | MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. | 100 |

***Lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés)***

| | ***LICITADOR*** | ***PUNTUACIÓN TOTAL*** |
|---|---|---|
| 1 | CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. | 96,75 |
| 2 | UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. | 92,35 |
| 3 | G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. | 90,07 |
| 5 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L. | 84,32 |
| 6 | CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 65,28 |
| 7 | ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L. | 24,31 |

***Lote 6 FCOO02 - Sensibilización na igualdade de oportunidades***

| | LICITADOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. | 94,75 |
| 2 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L. | 85,94 |
| 3 | FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN | 82,69 |
| 4 | CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 79,19 |
| 5 | ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L. | 64,42 |

***Lote 7 FCOI02 - Alfabetización informática: informática e Internet***

| | LICITADOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. | 94,75 |
| 2 | MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L. | 86,73 |
| 3 | CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP) | 79,50 |
| 4 | ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L. | 75,39 |
| 5 | FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN | 74,71 |
| 6 | INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L. | 37,85 |

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP ("Os licitadores deberán dispor da acreditación e inscrición do centro ou entidade de formación para a/as especialidade/s formativa/s que vaia a impartir, no Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego").*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.991,18 euros (331,86 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación":*

- *CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5): 995,60 euros*
- *MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3): 331,86 euros*
- *UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7): 663,72 euros"*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar para cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) o día 23 de xaneiro de 2018 e a MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) o día 8 de febreiro de 2018 (por un erro na notificación do 23 de xaneiro), que presentan a documentación requirida o 6 de febreiro de 2018, os dous primeiros e o 8 e 14 de febreiro, o terceiro, todos eles dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) e MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) e MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3), de acordo cos informes

de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor do 12 de xaneiro de 2018 e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 18 de xaneiro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1) *"Adxudicar a CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. os lotes 1, 2 e 5 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) por un importe total de 43.773,60, 77.474,88 e 84.466,80 euros (exento de IVE), respectivamente.*

2) *Adxudicar á UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. os lotes 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) por un importe total de 11.565,00 e 13.285,00 euros (exento de IVE), respectivamente.*

3) *Adxudicar a MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) por un importe total de 64.890,00 euros (exento de IVE).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

<u>**Acordo**</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(172).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZO TÉCNICO DOCENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES". EXPTE. 17026/333.**

Visto o informe xurídico de data 22/02/18 e o informe de fiscalización de data 6/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/18, asinado polo director deportivo-xefe da unidade técnica, e conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- Antecedentes.**

Con data 23/12/2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, aprobou o expediente para a " CONTRATACIÓN DO SERVIZO TÉCNICO DOCENTE NO PROGRAMA DE "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES". EXPTE. 15315/333".

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **20 de abril de 2017**, acordou a proposta da mesa de contratación de "CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES"

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 27/04/2017 acordou , adxudicar a MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa "Ximnasia para persoas maiores" (expediente 15315-333), por un prezo de 38.284,40 euros e un prazo de un ano prorrogable por un máximo de 6 meses, fixándose como data límite o 30 de xuño de 2018.

Con data 28/04/2017, procédese á sinatura do contrato con MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 01/05/2017 e cunha duración dun ano, contemplándose a prórroga por un máximo de 6 meses, fixándose como data límite o 30 de xuño de 2018.

**2.- Fundamentos de dereito.**

O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha o varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.
O artigo 303 da citada norma indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas no **prescrición 7ª. Prazo de execución,** recolle no apartado 3, "este *contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse á prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses deantelación á data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.".*

**3.- Desenvolvemento do contrato actual.**

A empresa que desenvolve o servizo MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. co CIF: B27739556, no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto ás tarefas que se realizan en relación co desenvolvemento das actividades físico-deportivas do programa de ximnasia para maiores e outras funcións xerais e que se relacionan a continuación:

- Acudir á instalación asignada con puntualidade, respectando os horarios da programación.
- Respectar as características da actividade (horario e espazo asignado).
- Planificar as sesións de cada unha das clases.
- Respectar as indicacións do persoal responsable da instalación.
- Comunicar á empresa coa maior urxencia, para a súa inmediata substitución cando por causa de forza maior, algún membro do persoal docente non poida prestar o servizo,
- Impartir as clases unicamente aos participantes inscritos/as, non permitindo a asistencia a quenes non se atopen rexistrados nas listaxes dos grupos programados e participantes admitidos.
- Manter ao día as listaxes dos participantes, realizando os controis e avaliacións necesarios para constatar o logro dos obxectivos sinalados en cada nivel e idade.
- Controlar o uso de vestimenta e calzado deportivo adecuado por parte dos participantes.
- Coidar e salvagardar o material deportivo con que se dote ao servizo, así como recollelo e gardalo correctamente despois de ser utilizado. Ademais deberá comunicar o seu estado e as posibles necesidades de reposición ao seu coordinador directo.
- Dar aviso de calquera anomalía ou dano que aprecie, ben sexa na instalación onde se desenvolvan os programas ou no equipamento a utilizar.
- Ofrecer aos participantes un trato amable e de colaboración nas cuestións que lles sexan expostas.
- Tomar decisións en relación aos protocolos de emerxencia necesarios en relación a calquera incidencia que se produza en relación ás especificacións da actividade a realizar.
- Trasladar ós usuarios toda a información oportuna en relación ás peculiaridades da actividade a realizar. Así mesmo desenvolverá as tarefas de seguimento e control dos usuario/as, co obxectivo de determinar e/ou avaliar o nivel técnico dos participantes. No caso de que o persoal técnico valorase que un alumno non pode seguir a dinámica da actividade poñendo en perigo a propia integridade física deberá comunicalo á área técnica do Servizo de Deportes, á vez que deberá realizar unha proposta en relación ao cambio de grupo ou á opción de non poder participar do programa.

<u>Descrición dos medios humanos e materiais:</u> a empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo.

**4.- Prezo anual do contrato.**

A anualidade do contrato é de 31.640,00 euros sen IVE, sendo o IVE de 6.644,40 euros, o que fai un importe total da anualidade de 38.284,40 euros.

**5.- Financiamento do contrato.**
O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2279925 "Uso instalacións deportes maiores", do orzamento en vigor.

Ano 2018: período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de xuño de 2018, ambos os dous incluídos: 7.555,72 euros, IVE incluído.

Total : 7.555,72 euros, IVE incluído.

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 1 de maio de 2018, e debido á necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a prórroga do contrato dos SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES"

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto, conforme establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, solicítase a tramitación da prórroga do contrato de SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE "XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES" polo período de 2 meses dende o 1 de maio de 2018 ata o 30 de xuño de 2018, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a empresa MAREXADA DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. co CIF: B27739556, *sendo o importe total da prórroga de 7.555,72 euros con IVE.*

<u>**Acordo**</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(173).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DO CARBALLAL-FASE II. EXPTE. 16962/333.**

Visto o informe xurídico de data 14/02/18 e o informe de fiscalización de data 22/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/18, asinado polo director deportivo-xefe da unidade técnica, o concelleiro delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## *I.- Antecedentes:*

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 10/07/2017, aprobou o expte. 16101-333 "PROXECTO DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL", o cal foi redactado redactado en maio de 2017 polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago do estudio Arquitectura Zaballa y Carballas SPL.

Para a execución destas obras procedeuse de acordo coa orde de inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 16/02/2017, polo que a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2017 de aprobación do proxecto de reforma de vestiarios e instalacións do campo de fútbol do Carballal de maio de 2017 encargado ao ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago en. Expte.16101/333.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva o 9 de xaneiro de 2018.
- Resolución de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Deportes o 9 de xaneiro de 2018.
- Acta de replanteo asinada polos arquitectos redactores do proxecto de data de 11 de xullo de 2018.
- Acordo da Asamblea Xeral Ordinaria da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Candeán de 10 de abril de 2016.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva e o Concelleiro Delegado de Deportes o 23 de xaneiro de 2018.
- Informe da Técnica de Administración Xeral so Servizo de Contratación asinado o 31 de xaneiro de 2018 sobre comprobación da documentación legalmente esixida para a tramitación do expediente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 31 de xaneiro de 2018.
- Informe xurídico sobre o PCAP, emitido pola Asesoría Xurídica con data 14 de febreiro de 2018, asinada pola xefa de Asesoramento e a Titular da dita Asesoría.

## *II.- Condicións definitorias do contrato*:

Destacan as seguintes:

### *1.- Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto:

- Expte. 16962-333 “Proxecto de refortma de vestiarios e instalacións do campo de fútbol de Carballal”.

O obxecto desta actuación contempla a execución das obras OBRAS DE REFORMA DE VESTIARIOS E INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL. Este proxecto, ten por obxecto a mellora de aspectos esenciais desa instalación, tales como obras de construción de vestiarios, servizos e instalacións de fontanería de auga fría e quente, produción de AQS, saneamento, electricidade e iluminación, incluíndo ademais a construción dunha nova grada, o que implicará unha mellora funcional dos servizos que poda ofrecer a instalación e unha maior utilización e rendabilización dos recursos públicos.

Estas obras supoñen sen ningunha dúbida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas instalacións, o tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”.

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido”, son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente relativo á obra:

Expte. 16962-333 “Proxecto de refortma de vestiarios e instalacións do campo de fútbol de Carballal”, aprobado pola Xunta de Goberno Local, ensesión extraordinaria e urxente do 10/07/2017, que se incorpora ao presente expediente, pasando a formar parte do mesmo.

*O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

***2.- Procedemento de adxudicación /forma de tramitación:***

Tendo en conta o obxecto do contrato, proponse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

***3.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:***

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado en base ó proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 10 de xullo de 2017, e presentado pola mercantil ESTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS, SLP (B36928323), e redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, no cal figura o orzamento básico de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas o proxecto, e ten un orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON

VINTE CÉNTIMOS (414.691,20 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (71.971,20 €).

O valor estimado do contrato estipulase en (411.264,00 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establécese en CATROCENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (414.691,20 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (71.971,20 €). Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.02 "Investimento no Campo de Fútbol de Cabral Carballal 2ª anualidade e 2ª Fase", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Polo exposto nesta memoria as actuacións que se relacionan neste expediente, son cualificadas de forma clara e inequívoca como investimentos, polo tanto, en aplicación da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, por la que se modifica a Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, todas aplicables ao capítulo VI da estrutura orzamentaria vixente. En consecuencia co anterior, dáse cumprimento aos requisitos que enmarcan os criterios para as "inversións financeiramente sostibles, xa que esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello, dando cumprimento o establecido na DA 16ª do TRLRFL, modificada pola "Disposición adicional nonaxésima sexta" da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

3.2.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato.-

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vinculadas directamente coas necesidades propias dos servizos que presta o Servizo de Deportes en relación á competencia municipal para a "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre", e de forma específica na propia memoria xustificativa do proxecto de execución que se contempla neste expediente no cal se definen as peculiaridades destas actuacións.

Conta con informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras asinado polo Director deportivo-xefe da unidade técnica de data 9 de xaneiro de 2018. Así mesmo a memoria do proxecto recolle a os antecedentes e descrición da situación actual, xustificando as actuacións necesarias na execución desta obra.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no (art.

25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

***4.- Criterios de valoración e xustificación:***

En relación aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

En base ao obxecto das obras deste contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato se dará mas preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 70% dos criterios de adxudicación a criterios avaliables a través de fórmula e un 30% a través de criterios avaliables a través de xuízo de valor.
Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo co punto 4. do artigo 150 do TRLCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

4.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR.

Os criterios avaliables mediante xuízo serán avaliables **ata un máximo de "PT= PT1+PT2+PT3=100 puntos**" e terán un coeficiente de ponderación "**A= 30**".

4.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

**a.- Xustificación do criterio**. O obxecto da valoración desta “Memoria dos criterios de execución técnica da obra” debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do proxecto de obras a licitar e a súa documentación, presenta o licitador no marco da proposición técnica.
O contido da memoria dos criterios de execución técnica da obra, proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da prestación proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. Neste sentido a memoria que demostre un maior grado de coñecemento do proxecto da obra, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da execución da obra, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada coincide coa realidade e necesidades para executar o proxecto que se licita.

**b.- Valoración do criterio**: A memoria describirá o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da execución do contrato proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. A memoria deberá demostrar coñecemento do proxecto da obra, do ámbito de actuación, dos procesos de execución, así como unha definición detallada, coherente e planificada territorialmente e temporalmente dos procesos derivados da execución da obra, que sexa acorde coa realidade, e necesidades para executar a obra que se licita, e deberá ser cumprimentada con información gráfica adecuada á peculiaridade da obra.

A MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA, **deberá conter os seguintes apartados, e se valorará ata cun máximo de PT1=79 puntos**.

**I) A análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar**. Se valorará a**ta un máximo de 26 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto (15%).
2) Descrición das actividades importantes da execución da obra (15%).
3) Condicionantes para a definición do proxecto (25%).
4) A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos contidos anteriores en relación á execución da obra (25%).
5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**II) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto**. Se valorará **ata un máximo de 30 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) O estudio das afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, e usos específicos do entorno de actuación). (10%).
2) O estudo dos usos específicos do contorno de actuación (15%).
3) Proposta de campamento de obra (10%).
4) Medidas propostas de desvíos de tráfico e acceso a obra (15%).
5) Proposta de faseado de obra (15%).
6) Outras medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno e a compatibilidade da execución da obra co desenvolvemento de actividades no resto da instalación.(15%).
7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**III) A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos**. Se valorará **ata un máximo de 23 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) Afección climatolóxica (10%).
2) Dimensionamento equipos de traballo con indicación de rendementos (15%).
3) Relación equipos de traballo coa planificación temporal (15%).
4) Planificación temporal das unidades de obra (15%).
5) Definición de actividades críticas (15%).
6) Indicación de folguras das actuacións (15%).
7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (15%)

**c.- Criterios para a presentación da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos tres apartados (a, b e c) coas seguintes limitacións: un máximo de 50 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 10 MB de tamaño.
b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC).**a.- Xustificación do criterio**. O obxecto da valoración desta "Memoria dos criterios de execución técnica da obra" debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do proxecto de obras a licitar e a súa documentación, presenta o licitador no marco da proposición técnica.

O contido da memoria dos criterios de execución técnica da obra, proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da prestación proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. Neste sentido a memoria que demostre un maior grado de coñecemento do proxecto da obra, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da execución da obra, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada coincide coa realidade e necesidades para executar o proxecto que se licita.

**b.- Valoración do criterio**: A memoria describirá o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da execución do contrato proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. A memoria deberá demostrar coñecemento do proxecto da obra, do ámbito de actuación, dos procesos de execución, así como unha definición detallada, coherente e planificada territorialmente e temporalmente dos procesos derivados da execución da obra, que sexa acorde coa realidade, e necesidades para executar a obra que se licita, e deberá ser cumprimentada con información gráfica adecuada á peculiaridade da obra.

A MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA, **deberá conter os seguintes apartados, e se valorará ata cun máximo de PT1=79 puntos**.

**I) A análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar**. Se valorará a**ta un máximo de 26 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto (15%).
2) Descrición das actividades importantes da execución da obra (15%).
3) Condicionantes para a definición do proxecto (25%).
4) A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos contidos anteriores en relación á execución da obra (25%).
5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**II) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto**. Se valorará **ata un máximo de 30 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) O estudio das afeccións dos condicionantes externos do entorno da obra (tráfico, e usos específicos do entorno de actuación). (10%).
2) O estudo dos usos específicos do contorno de actuación (15%).
3) Proposta de campamento de obra (10%).
4) Medidas propostas de desvíos de tráfico e acceso a obra (15%).
5) Proposta de faseado de obra (15%).
6) Outras medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno e a compatibilidade da execución da obra co desenvolvemento de actividades no resto da instalación.(15%).
7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**III) A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos**. Se valorará **ata un máximo de 23 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) Afección climatolóxica (10%).
2) Dimensionamento equipos de traballo con indicación de rendementos (15%).
3) Relación equipos de traballo coa planificación temporal (15%).
4) Planificación temporal das unidades de obra (15%).
5) Definición de actividades críticas (15%).
6) Indicación de folguras das actuacións (15%).
7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (15%)

**c.- Criterios para a presentación da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra**. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos tres apartados (a, b e c) coas seguintes limitacións: un máximo de 50 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 10 MB de tamaño.
b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC).

4.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais.
**a.- Xustificación do criterio**. A través deste criterio buscase mellorar as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución das obras obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas como a auga ou combustibles, a redución de emisións de elementos contaminantes, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado, etc. Polo que entendese que procede a determinación deste apartado na búsquea da mellora da execución da obra, e considerase axustado ao ámbito dos aspectos no artigo 150 do TRLCSP, no cal determinase que estas medidas atópanse relacionadas directamente co obxecto do contrato.

**b.- Valoración do criterio**. O contido deste apartado deberá describir as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución das obras obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas, a redución de emisións de elementos contaminantes, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado.

A MEMORIA DESCRITIVA DO PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, **deberá conter os seguintes apartados**, e se valorará **ata cun máximo de PT3= 9 puntos**.

**I) Unha memoria descritiva que deberá contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético e materias primas**. Se valorará **ata un máximo de 4,5 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) Boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético (20%).
2) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
3) Boas prácticas na execución da obra que permita reducir as materias primas (20%).
4) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**II) Unha memoria descritiva das actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado**. Se valorará **ata un máximo de 4,5 puntos** que serán desglosados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

1) Actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera (20%).
2) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
3) Actuacións para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado (20%).
4) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

**c.- Criterios para a presentación da memoria sobre o Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais**. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos dous apartados (a e b) coas seguintes limitacións: un máximo de 20 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente a Plan Aforro Enerxético (AE).

4.2.- PROCEDEMENTO PARA A PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

1.- Outorgarase a puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grao de detalle os contidos indicados con análise específica, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a porcentaxe indicada en cada contido, por cada un de estes con escaso desenvolvemento, ou no caso de que a proposta para ese contido non sexa adecuada ou coherente co obxecto do apartado a avaliar.
Os descontos indicados serán acumulativos.

3.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.
Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, nº de follas máximas descritas ou arquivo único, se procederá a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.

4.3.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

Os criterios avaliables mediante formula serán avaliables **ata un máximo de "PE= 100 puntos**" e terán un coeficiente de ponderación **"B= 70"**.
Proponse a seguinte distribución para os criterios avaliables mediante formula.

**4.2.1.- VALORACIÓN DAS BAIXAS EN RELACIÓN A OFERTA ECONÓMICA**.
O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de PE= CEN (100) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.
O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros) (sen IVE)
Serán de aplicación as seguintes fórmulas:
• Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : Be < Bi <= BE
PE = 98,50 + (1,50 (Bi/BE))
• Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: 0,85*Be< Bi <=Be

Bi-(0.85*Be)
PE= 95,00+3,5*(------------------)
0.15* Be

• Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: 0,65*Be < Bi <= 0,85*Be

Bi-(0.65*Be)
PE= 87,50+7,5*(------------------)
0.20* Be

• Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: 0*Be <= Bi <= 0,65Be

Bi
PE= 87,50*(----------------)
0.65 * Be

Sendo:
**PE** = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos.
**Bi**= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferencia entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).
**Be**= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: Bi <= Br + σ´ (segundo se definen Br y σ´ nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 10 desta memoria).
**BE**= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

En relación ás formulas elixidas para a determinación da puntuación, as mesmas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así as mesmas se concretarán no prego, asignan unha puntuación superior á oferta máis barata e menor á mais cara e se garda a adecuada proporción na atribución de puntos ás intermedias.
Non producen ningún dos resultados prohibidos, non outorgan maior puntuación ás ofertas que non sexan as máis económicas ao non establecerse umbrais de saciedade, non reducen significativamente os márxes entre as ofertas máis caras e próximas ao prezo de licitación e as máis económicas e tampouco magnifican as diferencias económicas mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación e todos os criterios de adxudicación que se ponderan.

***5.- Revisión de prezos:***

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade

***6.- Prazo de execución e prórrogas:***

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en seis meses, tal e como se indica no apartado 4 das FEC.

O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

a) A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
b) O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
c) Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

***7.- Prazo de garantía:***

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 5 anos dende a data da acta de recepción das obras.

***8.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:***

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato, se ben se contempla a posibilidade de acredtiar a solvencia a través da seguinte clasificación:

GRUPO C (Edificacións), SUBGRUPO 2 (Estruturas de fábrica e formigón), CATEGORÍA 3.

***9.- Subcontratación.***

*Considérase oportuno a autorización da subcontratación co limite máximo do 60 %.*

***10.-Prescripcións técnicas particulares.***

O proxecto redactado polos arquitectos Juan Zaballa Malcorra e Daniel Guisande Lago, e aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 10 de xullo de 2017, co número de expediente 16101-333, conten o Pregos de Prescricións Técnicas Particulares.

***11.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.***

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, utilízanse criterios específicos. Trátase dun sistema que dificulta aos licitadores a acomodación da súa oferta a un umbral próximo á temeridade, polo que, a súas ofertas, serán a resultante da análise detallada que cada un dos licitadores faga en relación coa estrutura empresarial, prezos de subministradores, etc. O resultado final da presunción de temeridade encontrase corrixido a través dun factor de temeridade (K) variable, que minora canto maior é o resultado da segunda desviación típica das ofertas ( δ')"

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (Bi) que cumpra as seguintes condicións:
10.1. Exceda en (K*δ´) ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.
**Presunción de temeridade: Bi > Br + (K * δ´) si n≥5**
Sendo:

Bi= será igual o valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o prezo de licitación (en euros, sen IVE) para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.
Br = valor mínimo entre (Bm ou B´m)

Bm = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (Bi) calculados das ofertas admitidas.

$$Bm = \frac{\sum_{i=1}^{n} Bi}{n}$$

B´m = media aritmética das (Bi) ofertadas que cumpran a condición seguinte: (Bm – δ) ≤ Bi ≤ (Bm + δ)

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^{n} (Bi - Bm)^2}{n}}$$

δ´ = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B´m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de Bm, e para o calculo da δ´, "n" será igual o numero de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o calculo de B´m
K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para Min (Bm, Bm´) < = 10%
SI σ´ <= 0,5; K=10,00
SI σ´ > 0,5 y <= 1; K=5,20
SI σ´ > 1 y <= 1,5; K=3,60
SI σ´ > 1,5 y <= 2; K=2,80
SI σ´ > 2 y <= 3 K=2,00
SI σ´ > 3 K=1,80

Para Min (Bm, Bm´) > 10% y <= 18%
SI σ´ <= 0,5; K=9,00
SI σ´ > 0,5 y <= 1; K=4,90
SI σ´ > 1 y <= 1,5; K=3,50
SI σ´ > 1,5 y <= 2; K=2,90
SI σ´ > 2 y <= 3 K=2,10
SI σ´ > 3 K=1,70

Para Min (Bm, Bm´) > 18%
SI σ´ <= 0,5; K=8,00
SI σ´ > 0,5 y <= 1; K=4,50
SI σ´ > 1 y <= 1,5; K=3,80
SI σ´ > 1,5 y <= 2; K=2,80
SI σ´ > 2 y <= 3 K=2,00
SI σ´ > 3 K=1,70

10.2. Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha Bi que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da "baixa de referencia" Br, sendo o valor Br = Bm.

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.
**Presunción de temeridade: Bi>Br + 5 si n<5**
Para os efectos de establecer este promedio, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

***12.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato:***

Non se contemplan requisitos mínimos.

***13.- Modificación do contrato:***

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

1.- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas co movemento de terras, estruturas e instalacións.
2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra, aparezan condicións técnicas especificas, distintas as recollidas no proxecto.
3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.
4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

***14.- Responsable do Contrato:***

O Responsable do contrato será o Director deportivo-xefe da unidade técnica da Área de deportes. O mesmo poderá ser modificado por Resolución do Concelleiro Delegado do Servizo Xestor.
Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa para o seguimento da obra .

***15.- Seguro:***

O adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

***16.- Garantías provisionais, definitivas e complementarias:***

Non se prevé garantía provisional, que non é obrigatorias, pero si unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación do contrato, sen IVE e tamén unha garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

***III.- Proposta:***

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento das obras, así como informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do “Proxecto de reforma de vestiarios e instalacións do campo de Fútbol de Carballal”.

| | |
|---|---|
| Segundo: | aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administracion Xeral e a xefa do Servizo de Contratación, de data de 31/01/2018. |
| Terceiro: | autorizar o gasto por un importe máximo de CATROCENTOS CATORCE MIL SEISCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (414.691,20 €), sendo o importe correspondente o IVE o de SETENTA E UN MIL NOVECENTOS SETENTA E UN CON VINTE CÉNTIMOS (71.971,20 €), con cargo á partida 3420.632.00.02 “Investimento no Campo de Fútbol de Cabral Carballal 2ª anualidade e 2ª Fase”. |
| Cuarto: | abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente. |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(174).- CONVOCATORIA DOS POSTOS DE TRABALLO E DE NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DAS BENEFICIARIAS AO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14870/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/18, asinado pola técnica de administración xeral, o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

**I.** A proposta da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 04/01/2018, acordou aprobar as bases reguladoras do Progama de Inserción Laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo (expte. 14.691/77), en canto colectivo prioritario das políticas de emprego que ven desenvolvendo esta concellería no municipio, dirixida principalmente aos colectivos con maiores dificultades para integrarse laboralmente. O devandito programa ten por obxecto a contratación de Auxiliares de Administración xeral e de Subalternas (na categoría de Ordenanzas), mediante convocatoria pública e logo da superación do correspondente proceso selectivo, que consistirá na realización dunha proba escrita (tipo test) e dunha proba práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo ao que se opta.

**II.** As bases da convocatoria establecen que, unha vez aprobadas, se proceda a elevar proposta á Xunta de Goberno Local, concretando o número de postos de traballo correspondentes a cada unha das categorías do programa, así como á designación dos membros da Comisión de Selección e á publicación da convocatoria para proceder ao inicio do proceso selectivo.

**III.** Os **POSTOS DE TRABALLO** correspondentes a cada unha das categorías do programa son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Auxiliares de Administración Xeral | 5 |
| Subalternas (na categoría de Ordenanzas) | 8 |

As candidatas seleccionadas desenvolverán as súas funcións nas dependencias de Desenvolvemento Local e Emprego, Participación Cidadá, Atención Cidadá (Información), Conserxería, Parque Central de Servizos, Cultura e Casa Galega da Cultura; dependencias que poderán ser modificadas cara a mellora da formación práctica das beneficiarias.

**Modalidade de contrato laboral**: Establécese a modalidade de contrato de traballo temporal para traballadoras vítimas de violencia de xénero, consecuencia da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxas cláusulas específicas foron introducidas pola Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego e o Real Decreto 1917/2008, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

As contratacións virán acompañadas de procesos formativos adaptados ás necesidades das participantes e das actuacións a realizar. Todas as candidatas seleccionadas para formar parte do Programa deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento durante o período de contrato poderá ser motivo de rescisión do contrato laboral.

**Duración do contrato**: Dacordo co previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, os contratos terán unha duración determinada (temporal) de doce (12) meses, coas limitacións que se establecen no propio programa de inserción laboral.

As traballadoras seleccionadas deberán cesar en canto remate o programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero ao abeiro do cal foron contratadas, debendo figurar, para maior garantía, en cada un dos contratos formalizados polas beneficiarias, unha cláusula de prohibición expresa do encadeamento fraudulento de contratos contemplada no art. 15.5 do ET; independentemente do previsto polo párrafo terceiro de dito artigo que expresamente exclúe aos contratos temporais celebrados no marco de programas públicos de emprego-formación.

Establécese un período de proba para as persoas contratadas de **1 mes de duración.**

Os contratos de traballo formalizados por escrito coas candidatas que superen o proceso selectivo, rexeranse pola normativa aplicable ao persoal laboral ao servizo das Administracións públicas (art. 7 TREBEP) e, xa que logo, ademais de pola lexislación laboral e polas demáis normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP e polo

disposto na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación.

Os referidos contratos, suxeitaranse aos termos, contido e alcance dos informes que se emitan pola Intervención municipal e pola Área de Recursos Humanos e Formación, sobre o cumprimento dos requisitos esixidos ás candidatas seleccionadas.

**Retribucións:** As retribucións das traballadoras son as reflectidas na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo sobre condicións sociolaborais das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007 prorrogado, na modalidade de beneficiarios para o persoal  Auxiliar administrativo e Peóns-Ordenanza:

| Posto | Categoría | Salario mes | Prorrata pagas extras | Importe bruto mes | Base cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Total 8 meses 2018 | Total 4 meses 2019 | Indemnización 12 días |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Aux.Administrativo | 735,90 | 122,65 | 858,55 | 858,55 | 84/a | 32,75 | 281,18 | 1.139,73 | 45.589,01 € | 22.794,50 € | 2.279,45 € |
| 8 | Peón-Ordenanza | 735,90 | 122,65 | 858,55 | 858,55 | 84/a | 33,75 | 289,76 | 1.148,31 | 73.491,88 € | 36.745,94 € | 3.674,59 € |
| | | | | | | | | | | **119.080,89 €** | **59.540,44 €** | 5.954,04 € |

| | 2018 | 2019 | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Custes totais a cargo do concello | 119.080,89 € | 59.540,44 € | **178.621,33 €** |
| **Custes salariais a cargo do concello** | **89.289,20 €** | **44.644,60 €** | |
| **Custes de seguridade Social** | **29.791,69 €** | **14.895,84 €** | |

O prazo previsto de contratación será, a partir do 01 de maio de 2018, polo que o custo total ascendería a 119.080,89 €, no ano  2018 e 59.540,44 € no ano 2019, neste último, deberá se engadir a indemnización por finalización de contrato temporal, que supón un importe de 5.954,04 €.

- para o ano 2018, dende o 01 de maio ata o 31 de decembro de 2018. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentaria seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:
  - ▪ 2410 1310001 "Programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero":
    - Orzamento 2018 89.289,20 €
  - ▪ 2410 16000000 "Seguridade Social Emprego:
    - Orzamento 2018 29.791, 69 €
- para o ano 2019, dende o 01 de xaneiro ata o 30 de abril de 2019. Estes custos de 59.540,44 € aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2019:
  - ▪ 2410 1310001 "Programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero":
    - Orzamento 2019 44.644,60 €
    - Indemnizacións por fin de contrato 5.954,04 €

- 2410 16000000 “Seguridade Social Emprego:
  - Orzamento 2019

14.895,84 €

**IV.** Para proceder á **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN** as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 04/01/2018 establecen que o órgano de selección terá carácter colexiado, actuando todos os membros con voz e voto, a excepción do/a secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Poderanse nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP**.**

Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xúridico do Sector Público.

Todos os membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do TREBEP.

De conformidade co exposto, proponse o nomeamento da seguinte Comisión de Selección:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Presidente | Francisco J. Gutiérrez Orúe | Func. | A2 | Xefe servizo |
| Secretaria | Carla Candia Paz | Func. | A1 | TAX |
| Vocal | Marta Nuñez Aboy | Func. | A2 | Técnica Act. Culturais |
| Vocal | Jose María Raposo Aguiar | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Iolanda Alonso Regueiro | Func. | C2 | Auxiliar Administrativa |
| Suplentes | | | | |
| Presidente | Secundino Otero Failde | Func. | A1 | Xefe servizo |
| Secretaria | Lucía Trillo Martín-Pinillos | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Jose Carlos Vázquez Miguez | Func. | A2 | Téc. Servizos Económicos |
| Vocal | Ana Isabel Fontán Rivero | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Mercedes Pio López | Func. | C2 | Auxiliar Administrativa |

**V.** Dacordo co establecido nas bases reguladoras aprobadas pola xunta de goberno local o 04/01/2018, procederase á **PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**, composto por unha fase previa de baremación e un proceso selectivo que consistirá na realización dunha proba escrita (tipo test) e unha proba práctica relacionada coas tarefas do posto de traballo ao que se opta.

O prazo máximo de presentación de solicitudes será de **dez días** a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria pública na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Da devandita convocatoria darase a maior difusión posible a través da prensa local e da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

Para participar no presente programa de inserción laboral as interesadas achegarán unha solicitude cumprimentada segundo o formulario que estará á súa disposición na páxina web (www.vigo.org) e na Oficina de Información do Concello de Vigo, e xuntarán preceptivamente a documentación que se indica no apartado XIII. O incumprimento deste requisito implicará a exclusión automática para participar no programa de inserción e, por tanto, non poderán acceder á fase de baremación.

As solicitudes poderán achegarse en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Así mesmo, as candidatas poderán achegar a súa solicitude por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Vigo https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga. Para a presentación electrónica das solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

**VI. Órgano competente:**

De conformidade co artigo 127.1.h) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

**VII. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das

delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar a convocatoria e o formulario de solicitude para participar no procedemento de selección de **13** traballadoras, conforme ás BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIGO, para o seguintes postos:

- Auxiliares de Administración Xeral 5 (cinco)
- Subalternas (na categoría de Ordenanzas) 8 (oito)

**SEGUNDO**: Aprobar o gasto total por importe de 178.621,33 € do orzamento municipal correspondente aos anos 2018 e 2019 :

- para o ano 2018, dende o 01 de maio ata o 31 de decembro de 2018. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentaria seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:
  - 2410 1310001 “Programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero”:
    - Orzamento 2018 89.289,20 €
  - 2410 16000000 “Seguridade Social Emprego:
    - Orzamento 2018 29.791, 69 €
- para o ano 2019, dende o 01 de xaneiro ata o 30 de abril de 2019. Estes custos de 59.540,44 € aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2019:
  - 2410 1310001 “Programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero”:
    - Orzamento 2019 44.644,60 €
    - Indemnizacións por fin de contrato 5.954,04 €
  - 2410 16000000 “Seguridade Social Emprego:
    - Orzamento 2019

      14.895,84 €

**TERCEIRO**: Nomear aos membros da **Comisión de Selección** das candidatas beneficiarias ao programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo, que percibirán as dietas previstas pola normativa en vigor como resultado da súa participación na mesma:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Presidente | Francisco J. Gutiérrez Orúe | Func. | A2 | Xefe servizo |
| Secretaria | Carla Candia Paz | Func. | A1 | TAX |
| Vocal | Marta Nuñez Aboy | Func. | A2 | Técnica Act. Culturais |
| Vocal | Jose María Raposo Aguiar | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Iolanda Alonso Regueiro | Func. | C2 | Auxiliar Administrativa |
| Suplentes | | | | |
| Presidente | Secundino Otero Failde | Func. | A1 | Xefe servizo |
| Secretaria | Lucía Trillo Martín-Pinillos | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Jose Carlos Vázquez Miguez | Func. | A2 | Téc. Servizos Económicos |
| Vocal | Ana Isabel Fontán Rivero | Func. | C1 | Administrativo |
| Vocal | Mercedes Pio López | Func. | C2 | Auxiliar Administrativa |

**CUARTO**: Publicar a convocatoria do procedemento de selección das beneficiarias ao programa de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero, ao que poderán optar aquelas candidatas que cumprindo os requisitos esixidos nas bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 04/01/2018, acheguen o formulario de solicitude debidamente cumprimentado no prazo de **dez (10) días** a contar [illegible] seguinte ao da publicación da convocatoria pública na páxina web do Concello de [illegible] interesadas na páxina web do Concello de Vigo.

<u>**Acordo**</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(175).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN" NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA A ATENCIÓN Á CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL. EXPTE. 14812/77.**
Visto o informe de fiscalización de data 22/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/18, asinado pola técnica de administración xeral , o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

<u>**ANTECEDENTES**</u>

1º) Con data 16/01/2018 dende o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.812/77).

2º) Con data 02/02/2017 devólvese o expediente ao servizo xestor para a subsanación das observacións formuladas pola Intervención Xeral Municipal, que *deberá revisar os custos salariais e xerais de cada unha das anualidades segundo as previsións de execución do Proxecto.*

3º) Por parte do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego procedeuse á revisión dos custos salariais e xerais de cada unha das anualidades dacordo co orzamento modificado achegado pola Fundación Érguete-Integración en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), polo que cómpre a remisión á Intervención Xeral Municipal do seguinte:

**INFORME-PROPOSTA**

**I. Obxecto:**

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa Fundación ERGUETE-INTEGRACIÓN no marco do plan municipal de emprego que dea continuidade aos servizos para a atención a cidadanía mediante coidadores de barrio e o desenvolvemento de actividades de interese social.

A Fundación ERGUETE-Integración mediante escrito con Rexistro de entrada de data 20/12/2017 (DOC. 170178480) e orzamento modificado achegado en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio para a realización de **45 contratos laborais novos para o ano 2018-2019 e dous** (a Directora e a Psicóloga) que son persoal propio da Fundación necesarios para levar a cabo un bo desenvolvemento do programa de inserción sociolaboral.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización e o expediente incorpora as preceptivas certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Axencia Tributaria de Galicia.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

**II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, e moi especialmente daqueles colectivos de persoas con risco ou situación de exclusión social, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que soportaría o Concello de asumir estas funcións propias conforme aos seus estatutos da Fundación ERGUETE-Integración.

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, dentro das súas políticas de emprego continúa cunha proposta municipal de Fomento do Emprego, que dará continuación ás realizadas desde o ano 2012 ata o ano 2017, para a atención á cidadanía mediante coidadores de barrio, de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova proposta municipal de Fomento do Emprego para os anos 2018 e 2019 xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual.

Dentro desta nova proposta municipal de Fomento do Emprego para todo o 2018 e os primeiros 10 meses do 2019, temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a

formación experiencial de persoas no apoio ás persoas con risco ou situación de exclusión social, incrementen as súas posibilidades de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (*apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (*apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores  desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e, *moi especialmente nos anos* 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa Fundación Erguete-INTEGRACIÓN: no 2012 para a "ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO NO CASCO VELLO E CALVARIO E O COIDADO DO PAVILLÓN DE TEIS" por importe de 345.000,00 € e a contratación de 20 desempregadas/os, no ano 2013 para a "ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO, A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, AO FOMENTO DOS BANCOS DE TEMPO E DE LIBROS DE TEXTO", por importe de 307.715,25 €; para a contratación de 47 persoas desempregadas nos anos 2014 e 2015 por un importe total 947.000,00 €; para a contratación de 47 persoas desempregadas no ano 2016 e 56 persoas desempregadas no ano 2017 por un importe total 1,180.000,00 €.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo  artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

E a súa vez, relacionada coa Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime local, así como a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as

necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dentro destes a mellora da seguridade en lugares públicos neste caso que nos ocupa nos barrios de Teis, Travesas e Coia, no casco histórico e nas parroquias de O Calvario e Bouzas, a prestación de servizos promoción e reinserción social, así como a dinamización de actividades que fomenten a solidariedade, a colaboración e as relacións interpersonais, mediante a promoción dos bancos de tempo e dos bancos de libros de texto, se lle ofreza aos veciños e veciñas de Vigo.

**III. Procedemento de concesión directa:**

Poderán concederse subvencións de forma directa nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) e c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como a falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación Fundación ERGUETE-Integración non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será plurianual, cunha duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de outubro do ano 2019.

Ao abeiro do disposto no artigo 57 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e a Base 26 das de Execución do Orzamento prevese unha subvención plurianual, cumpríndose o requisito indispensable de que a execución do gasto se inicie no propio exercicio.

**IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 1.080.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4890020 "Convenio Erguete Inserción laboral", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, correspondendo a cantidade de 540.000,00 ao orzamento de 2018 e 540.000,00 ao orzamento de 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.

Concello de Vigo

Os custes do programa, segundo o proxecto modificado achegado son:

- Custes salariais: O gasto de persoal comprende os meses de marzo a decembro do 2018 e de xaneiro a outubro de 2019 (coa liquidación correspondente pola finalización dos contratos temporais). Contémplanse os gastos derivados de contratar a algunha das persoas que resulten suplentes na selección de persoal para substitucións causadas por baixas médicas e vacacións.

**2018 ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL DO PROXECTO**

**Dirección e coordinación**

| POSTO | N.º | CUSTE SALARIAL | XORNADA |
|---|---|---|---|
| Coordinador/a | 1 | 14.000,00 € | Parcial |
| Psicóloga | 1 | 13.500,00 € | Parcial |
| Administrativa | 1 | 14.000,00 € | Completa |
| Persoal limpeza | 2 | 12.000,00 € | Parcial |
| Educadora | 1 | 13.000,00 € | Parcial |

**Coidadores/as de barrio por zonas de actuación**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **O CALVARIO** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 47.500,00 € | Parcial |
| **TEIS** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 47.500,00 € | Parcial |
| **CASCO VELLO** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 47.500,00 € | Parcial |
| **BOUZAS / COIA** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 7 | 66.500,00 € | Parcial |
| **TRAVESAS** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 47.500,00 € | Parcial |
| **EQUIPO APOIO** | | | |
| Capataz | 1 | 15.000,00 € | Completa |
| Peón | 1 | 9.900,00 € | Parcial |
| **REDUCION DANO** | | | |
| Coidador/a de Barrio | 2 | 19.000,00 € | Parcial |
| Coidador/a-limpeza | 1 | 7.600,00 € | Parcial |
| **BANCO DO TEMPO** | | | |
| Dinamizador/a | 4 | 34.000,00 € | Parcial |
| Persoal para substitución de baixas e vacacións | | 10.000,00 € | |
| **GASTOS PERSOAL** | **47** | **493.500,00 €** | |

**2019 ORZAMENTO ESTIMADO ANUAL DO PROXECTO**

| **Dirección e coordinación** | | | |
|---|---|---|---|
| POSTO | N.º | CUSTE SALARIAL | XORNADA |
| Coordinador/a | 1 | 10.800,00 € | Parcial |
| Psicóloga | 1 | 10.500,00 € | Parcial |
| Administrativa | 1 | 14.700,00 € | Completa |
| Persoal limpeza | 2 | 12.600,00 € | Parcial |
| Educadora | 1 | 13.650,00 € | Parcial |
| **Coidadores/as de barrio por zonas de actuación** | | | |
| **O CALVARIO** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 49.855,00 € | Parcial |
| **TEIS** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 49.855,00 € | Parcial |
| **CASCO VELLO** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 49.855,00 € | Parcial |
| **BOUZAS / COIA** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 7 | 69.800,00 € | Parcial |
| **TRAVESAS** | | | |
| Coordinador/a | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Coidador/a de Barrio | 5 | 49.855,00 € | Parcial |
| **EQUIPO APOIO** | | | |
| Capataz | 1 | 15.750,00 € | Completa |
| Peón | 1 | 10.400,00 € | Parcial |
| **REDUCCIÓN DANO** | | | |
| Coidador/a de Barrio | 2 | 19.950,00 € | Parcial |
| Coidador/a-limpeza | 1 | 7.980,00 € | Parcial |
| **BANCO DO TEMPO** | | | |
| Dinamizador/a | 4 | 35.700,00 € | Parcial |
| Persoal para substitución de baixas e vacacións | | 10.000,00 € | |
| **GASTOS PERSOAL** | **47** | **510.000,00 €** | |

- Gastos xerais en concepto de Pólizas, telefonía, seguros, combustibles, aluguer de transporte, asesoría, publicidade, formación, vestiario, etc:
  - 2018: 46.500,00 €
  - 2019: 30.000,00 €
- Custes totais 2018:
  - Custes de persoal a cargo da entidade: 493.500,00 €
  - Gastos xerais de funcionamento: 46.500,00 €
  - **Importe total do programa: 540.000,00 €**
- Custes totais 2019:
  - Custes de persoal a cargo da entidade: 510.000,00 €
  - Gastos xerais de funcionamento: 30.000,00 €

Concello de Vigo

- **Importe total do programa:** **540.000,00 €**

A xustificación da concesión directa da axuda á Fundación Erguete-Integracións, realízase tendo en conta os custes estimados conforme a aplicación do establecido no convenio municipal para a contratación do persoal proposto e coa xornada indicada, necesarios sen ter en conta outros gastos como mantemento das instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, que suporía a cantidade de 493.500,00 € no 2018 e 510.000,00 para o ano 2019, en tanto que coa aplicación dos custes salariais propios do convenio aplicable no concello suporían 701.811,31 € no 2018 e 701.811,31 € para o ano 2019.

**CUSTES SALARIAIS ESTIMADOS 2018**

| Categoría | Numero | CUSTE SALARIAL ERGUETE | Categoria Concello | Retribucións anuais Concello xornada completa | retribuciones Concello MARZO-DECEMBRO-2018 | Xornada laboral |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **DIRECCIÓN E XESTIÓN** | | | | | | |
| COORDINACION | 1 | 14.000,00 € | TITULADO SUPERIOR | 58.033,25 € | 24.180,52 € | **50,00%** |
| PSICOLOGA | 1 | 13.500,00 € | TITULADO SUPERIOR | 58.033,25 € | 24.180,52 € | **50,00%** |
| ADMINISTRATIVA | 1 | 14.000,00 € | ADMINISTRATIVA | 33.640,77 € | 28.033,98 € | **100,00%** |
| LIMPIADORA | 2 | 12.000,00 € | PEÓN | 28.799,97 € | 23.999,97 € | **50,00%** |
| EDUCADORA | 1 | 13.000,00 € | TECNICO MEDIO | 50.022,39 € | 20.842,66 € | **50,00%** |
| **COIDADORES/AS** | | | | | | |
| COORDINADORA CALVARIO | 1 | 15.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO CALVARIO | 5 | 47.500,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADOR TEIS | 1 | 15.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO TEIS | 5 | 47.500,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADORA CASCO VELLO | 1 | 15.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO CASCO VELLO | 5 | 47.500,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADORA BOUZAS-COIA | 1 | 15.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO BOUZAS-COIA | 7 | 66.500,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 83.999,90 € | **50,00%** |
| COORDINADORA TRAVESAS | 1 | 15.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO TRAVESAS | 5 | 47.500,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| **EQUIPO DE APOIO** | | | | | | |
| CAPATAZ EQUIPO APOIO COIDADORES | 1 | 15.000,00 € | CAPATAZ | 39.077,56 € | 32.564,63 € | **100,00%** |
| APOIO COIDADORES | 1 | 9.900,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 11.999,99 € | **50,00%** |
| **REDUCIÓN DE DANO** | | | | | | |
| COIDADORES/AS | 2 | 19.000,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 23.999,97 € | **50,00%** |
| COIDADOR/A LIMPIEZA | 1 | 7.600,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 11.999,99 € | **50,00%** |
| **BANCO DO TEMPO** | | | | | | |
| DINAMIZADOR/AS | 4 | 34.000,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 50.288,42 € | **50,00%** |
| Persoal para substitución de baixas e vacacións | | 10.000,00 € | | | | |

**CUSTES SALARIAIS ESTIMADOS 2019**

| Categoría | Numero | CUSTE SALARIAL ERGUETE | Categoria Concello | Retribucións anuais Concello xornada completa | retribuciones Concello MARZO-DECEMBRO-2018 | Xornada laboral |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **DIRECCIÓN E XESTIÓN** | | | | | | |
| COORDINACION | 1 | 10.800,00 € | TITULADO SUPERIOR | 58.033,25 € | 24.180,52 € | **50,00%** |
| PSICOLOGA | 1 | 10.500,00 € | TITULADO SUPERIOR | 58.033,25 € | 24.180,52 € | **50,00%** |
| ADMINISTRATIVA | 1 | 14.700,00 € | ADMINISTRATIVA | 33.640,77 € | 28.033,98 € | **100,00%** |
| LIMPIADORA | 2 | 12.600,00 € | PEÓN | 28.799,97 € | 23.999,97 € | **50,00%** |
| EDUCADORA | 1 | 13.650,00 € | TECNICO MEDIO | 50.022,39 € | 20.842,66 € | **50,00%** |
| **COIDADORES/AS** | | | | | | |
| COORDINADORA CALVARIO | 1 | 15.750,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO CALVARIO | 5 | 49.855,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADOR TEIS | 1 | 15.750,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO TEIS | 5 | 49.855,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADORA CASCO VELLO | 1 | 15.750,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO CASCO VELLO | 5 | 49.855,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| COORDINADORA BOUZAS-COIA | 1 | 15.750,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO BOUZAS-COIA | 7 | 69.800,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 83.999,90 € | **50,00%** |
| COORDINADORA TRAVESAS | 1 | 15.750,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 25.144,21 € | **100,00%** |
| COIDADOR/A BARRIO TRAVESAS | 5 | 49.855,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 59.999,93 € | **50,00%** |
| **EQUIPO DE APOIO** | | | | | | |
| CAPATAZ EQUIPO APOIO COIDADORES | 1 | 15.750,00 € | CAPATAZ | 39.077,56 € | 32.564,63 € | **100,00%** |
| APOIO COIDADORES | 1 | 10.400,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 11.999,99 € | **50,00%** |
| **REDUCIÓN DE DANO** | | | | | | |
| COIDADORES/AS | 2 | 19.950,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 23.999,97 € | **50,00%** |
| COIDADOR/A LIMPIEZA | 1 | 7.980,00 € | PEÓNS | 28.799,97 € | 11.999,99 € | **50,00%** |
| **BANCO DO TEMPO** | | | | | | |
| DINAMIZADOR/AS | 4 | 35.700,00 € | AUX. ADMINISTRATIVA | 30.173,05 € | 50.288,42 € | **50,00%** |
| Persoal para substitución de baixas e vacacións | | 10.000,00 € | | | | |

Aos efectos de cáculo da xornada, se tivo en conta como xornadas do 50% as indicadas como xornadas parciais na memoria.

Ademais dos custes propios do persoal **493.500,00 € no 2018 e 510.000,00 para o ano 2019**, establecense uns gastos necesarios para o desenvolvemento das accións previstas no convenio e que suman á cantidade total anual de **46.500,00 € no 2018 e 30.000,00 € no 2019**, que serán asumidos polo Concello de Vigo; os non incluidos no convenio, serán asumidos pola Fundación Érguete-Integración.

Establécese unha cláusula expresa no convenio referida á inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da axuda que se pretende conceder á Fundación ERGUETE-Integración e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta nos termos previstos no convenio.

Xa que logo, con cáracter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Este convenio de colaboración prevé os seguintes obxectivos:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, así como nas labores de conserxería e coidado de instalacións deportivas, mediante a realización das actividades de:
   a) Acompañamento ás persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
   b) Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
   c) Axudas, información e atención a indixentes e transeuntes.
   d) Colaborar cos servizos de hostelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
   e) Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
3. Facilitar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
   a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
   b) Creación e xestión dun banco de libros de texto para que as familias de Vigo poidan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzcan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
   c) Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflitividade na cidade de Vigo.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.
- Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- Inserir laboralmente ós colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.

- Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.
- Promover a solidariedade e a colaboración entre a veciñanza, cara a afrontar mellor a situación de crise actual.

**V. Normativa de aplicación:**

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; o estipulado no RDLG, 1/95 Estatuto Básico dos traballadores; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica**:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

**VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.
De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

**IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.
Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1. *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G36861078.*

2. *Autorizar o gasto de 1.080.000,00 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4890020 "Convenio Erguete Inserción laboral", dos*

*orzamentos xerais do Concello de Vigo, correspondendo a cantidade de 540.000,00 ao orzamento de 2018 e 540.000,00 ao orzamento de 2019, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.*

*3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*

*4. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.*

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO” PARA A ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO E O DESENVOLVMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL ”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de duos mil dezaoito

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona Carmen Avendaño Otero co DNI 35956947N en calidade de Presidenta da Fundación ERGUETE-Integración, conforme a escritura pública de data 12/03/2012, ten poder suficiente para actuar en nome da Fundación ERGUETE-Integración, con domicilio social en Avda. Martínez Garrido, 21 – Interior 36205 de VIGO e CIF G36861078.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo e especialmente das persoas en risco ou situación de exclusión social é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.
A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configurase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das persoas en risco ou situación de exclusión social, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias da Fundación ERGUETE-Integración.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de persoas desempregadas reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración.

A colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais e a imputación do persoal propio da entidade necesario para a supervisión, xestión e bo funcionamento do proxecto, se dinamice a inserción en profesións relacionadas coa formación e dinamización no acompañamento ás persoas residentes nas zonas de actuación, así como a dinamización de actividades que fomenten a solidariedade, a colaboración e as relacións interpersonais, mediante a promoción dos bancos de tempo, e en xeral do desenvolvmento de actividades de interese social e, se lle ofreza aos veciños e veciñas de Vigo, así como ás persoas en risco de exclusión social a posibilidade de mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade.

MANIFESTAN

**I.-** - Que a Fundación ERGUETE-Integración, conforme a súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 20/12/2017 co nº de documento 170178480, e orzamento modificado achegado en data 09/02/2018 (CÓD. SOLICITUDE W261463-1775), ten previsto este convenio de colaboración cos seguintes obxectivos.

1. Obxectivos xerais.
   a) Prestar un servizo á cidadanía máis vulnerable e con maiores dificultades en seis barrios de Vigo.
   b) Incorporar ao mercado laboral a persoas en situación ou risco de exclusión social para que se convertan en axentes activos do propio proceso de empregabilidade.
2. Obxectivos específicos.
   a) Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social.

b) Proporcionar formación e experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, mediante a realización das actividades de:

- Acompañamento as persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
- Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
- Axuda, información e atención a indixentes e transeúntes.
- Colaborar cos servizos de hostalaría e turismo nos procesos de información e asesoramento a visitantes.
- Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.

3. Proporcionar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:

a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.

4. Colaborar na redución de dano con persoas drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflitividade na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Fundación ERGUETE-Integración, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.
Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todolos entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de índole laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

**III.-** Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2017:

<u>Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:</u>

| CONCELLOS | Paro Actual | Paro Anterior | VARIACION | Total <25 | Homes <25 | Mulleres <25 | Total >25 | Homes >25 | Mulleres >25 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| VIGO | 23.688 | 24.307 | -619 | 882 | 464 | 418 | 22.806 | 9.900 | 12.906 |

<u>Paro rexistrado por sector de actividade:</u>

| CONCELLO | PARO TOTAL | AGRICULTURA | INDUSTRIA | CONSTRUCCION | SERVIZOS | PRIMEIRO EMPREGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VIGO | 23.688 | 415 | 2.758 | 1.560 | 16.999 | 1.956 |

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como da falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a contratación de persoas en risco ou situación de exclusión social mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación e do fomento de actividades destinadas ao fomento da solidariedade entre as persoas e da colaboración entre elas.
Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención articúlase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

**V.-** Que a Asociación Fundación ERGUETE-Integración non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación ERGUETE-Integración, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

**Primeiro.-** A Fundación ERGUETE-Integración comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á acadar directamente a inserción laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito e, concretamente, a asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

- Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social.
- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, mediante a realización das actividades de:
  - Acompañamento ás persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
  - Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
  - Axudas, información e atención a indixentes e transeuntes.
  - Colaborar cos servizos de hostelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
  - Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
- Faciliar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
  - Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
  - Creación e xestión dun banco de libros de texto para as familias de Vigo, poidan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzcan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
  - Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflitividade na cidade de Vigo.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego,Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Na páxina web da entidade e no emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego e deberán contar coa conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego. En todos os casos deberá aparecer de forma ben visible nos anversos e reversos o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos - como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, mochilas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Fundación ERGUETE-Integración.

3. Conceder directamente á Fundación ERGUETE-Integración unha subvención total por importe de 1.080.000,00 € con cargo á partida 2410 4890020 “Convenio Erguete Inserción laboral”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para os anos 2018 e 2019, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas. Para o ano 2018, o importe da subvención a conceder será de 540.000,00 €, e para o ano 2019 o importe da subvención a conceder será de 540.000,00 €.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto**.- Co amparo legal do artigo 57 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a vixencia do presente convenio será plurianual, cunha duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de outubro do ano 2019.
Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 1.080.000,00 €, dos cales 540.000,00 con cargo ao orzamento de 2018 e 540.000,00 con cargo ao orzamento de 2019.
Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.
Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Os anticipos a conta correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2018 e 2019, efectuaranse do seguinte xeito:

- No ano 2018:
  - O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio.
  - **O 16,67% da cantidade anual unha vez xustificado o importe correspondente aos meses de xaneiro a outubro.**
- No ano 2019:
  - 0 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .
A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Asi mesmo, a beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

5. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

6. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

7. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**Oitavo.-** Comisión de seguimento
Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemneto Local e Empego.
- Tres vocais:
  - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  - Dous membros da Fundación ERGUETE-Integración.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

- A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presencia da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.
- O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.
- Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

**Noveno.-** Para a xustificación dos gastos correspondentes desde o:

1. Os gastos realizados desde o 01/01/2018 ao 31/10/2018, a beneficiaria, antes do 1/12/2018, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.
2. Os gastos realizados desde o 01/11/2018 ao 31/12/2018 a beneficiaria, antes do 1/02/2019, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.
3. Os gastos realizados desde o 01/01/2019 ao 31/10/2019, a beneficiaria, antes do 1/12/2019, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar en cada unha das ocasións, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas (memoria de actividades) e dos gastos incorridos (memoria económica); os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións e Relación nominal de traballadores, ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.

- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o:

- 01 de xaneiro de 2018 ao 31 de outubro de 2019, do seguinte xeito:
    - Con cargo ó orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, os realizados en concepto de:
        - gastos de persoal desde o 1 de marzo de 2018 ó 31 de decembro de 2018
        - gastos xerais desde o 1 de xaneiro de 2018 ó 31 de decembro de 2018.
    - Con cargo ós orzamentos municipais de 2019 os realizados desde o 1 de xaneiro de 2019 ó 31 de outubro de 2019.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contrado directa ou indirectamente pola Fundación ERGUETE-Integración no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2018.

**10(176).- BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2018) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 21775/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/18, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa de servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda , que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar a "Newlink Education, S.L" o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "VIGO EN INGLES 2018" (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 07 de setembro de 2017 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira por un ano de duración e a segunda e última por un periodo máximo de 9 meses e en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021. O contrato está previsto formalizarse dixitalmente entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 08/Febreiro/2018.

Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión linguística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingue, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 "cooperación entre administracións" da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l)Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS 2018), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfación e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.
O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadías linguísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración linguística, e achegarán ao persoal educativo dos Highs Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instruccións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo " VIGO EN INGLÉS 2018" dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

O contrato en vigor do programa municipal "Vigo en Inglés 2018" (expte. 19872-332), implica que nesta convocatoria ordinaria do programa municipal "Vigo en Inglés 2018" se poderá ofertar un máximo de 750 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no VIGO EN INGLÉS

2018, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 55% de prazas á rede pública, é dicir, un total de 413 prazas , e un 45% de prazas á rede privada-concertada, é dicir un total de 337 prazas; todo elo tendo en conta similares porcentaxes de prazas adxudicadas nas pasadas edicións do programa Vigo en Inglés.
Consonte ao antedito, as 750 prazas, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.

A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadías de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingue e intercultural.
Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademáis dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2018, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L.”, especializada na desenvolvemento de programas de inmersión linguística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión linguística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso que son obxecto do presente expediente.

No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria

específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2018, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente.

Con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2018” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión linguística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Igualmente, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 1000 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2018 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar que se determina nas bases desta convocatoria ordinaria.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465.-€, con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2018.

Á vista do anteriormente expresado, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) , de acordo co texto que se achega no expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) , e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2018) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

**Primeiro.- Obxecto**

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 750 prazas en réxime de concorrencia competitiva, segundo contrato en vigor do expte. Administrativo 19872/332 do “contrato maior de servizos para a xestión,organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2018”; entre o alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; desglosada esta oferta nun total de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e nun total de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018), que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda

2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.

3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).

4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de 20 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda

5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.

6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.

8.- Aloxamento en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.

9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.

11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

**Segundo.- Contía**

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2018.

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2018, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O importe total destinado a financiar as 750 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465,00.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2018.

**Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2018**

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2018 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

## *1.* ***Adxudicatarios e requisitos***

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

1.- Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2017/2018.

2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

4.- Estar empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2017 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

5.- Non ter concedida, no ano 2018, outra axuda coa mesma finalidade.

6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As 750 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 413 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

## *2.* **Número de prazas e destinos**

O programa consta de 750 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo trinta destinos e máximo sesenta e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

## *3.* **Duración da estadía**

O programa, de tres semanas de duración, se realizará preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2018 e a primeira semana de outubro de 2018. Con todo, o calendario definitivo comunicarase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa que resulte adxudicataria.

*4.* **Programa lectivo**

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2018 que estiveron integrados neste.

*5.* **Programa de actividades extraescolares e de lecer**

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

*6.* **Viaxe e desprazamentos**

O aeroporto inicial de saída e chegada final será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes, As datas e horas previstas de saida e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

*7.* **Información e asistencia a participantes e familias**

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo

electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

**Cuarto.- Publicidade e prazo**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A publicidade da presente convocatoria, realizarase tamén a través da páxina web do programa http://www.vigoeningles.org. e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), achega familiar que corresponda, será publicada na páxina web específica do programa http://www.vigoeningles.org e no taboleiro municipal, de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Quinto.- Solicitudes e documentación**

**Solicitudes**:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargalos da páxina web http://www.vigoeningles.org.

A solicitude de participación no programa (Anexo I) deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. No Anexo II deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

As prazas para a participación no programa serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

**Documentación:**

·Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.

. Autorización de solicitude de información fiscal, segundo modelo que figura no **Anexo II**.

·Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).

·Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do **Anexo I**.

·**Certificación académica orixinal**, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro do Concello de Vigo sostido con fondos públicos no curso 2017/2018 e as cualificacións finais que deberá ter aprobadas todas as áreas ou materias cursadas en 2º de ESO; con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 7.

·Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

De acordo co artigo 13.2 e) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencions, atendendo á natureza destas axudas, se exceptúa do requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade social para obter a condición de beneficiario/a destas prazas.

·Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.

·Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais. Teñen a consideración de circunstancias familiares especiais as seguintes que deberán acreditarse documentalmente, segundo proceda :

- Familia numerosa
- Pai/nai solteiro/a
- Divorcio ou separación
- Viúvo/a

·Declaración de non ter concedida, no ano 2018, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV.**

·No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requerir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requeridas ou ocultando aquelas que o impediran, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

**Sexto.- Tramitación e reparación de erros**

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

**Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares**

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:

- Nota final: 7 → 1 punto
- Nota final: 8 → 2 puntos
- Nota final: 9 → 3 puntos
- Nota final: 10 → 4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:

- Categoría xeral → 1 punto
- Categoría especial → 2 puntos

A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base impoñible xeral máis a base impoñible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezaoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

A efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno/a. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluiranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

No caso de familias monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar sempre que se achegue xustificación documental da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.)

| TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR | ACHEGA FAMILIAR |
|---|---|
| Ata 6.000,00.-€ | Exento |
| Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€ | 240.-€ (equivale ao 10% custe da praza) |
| Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€ | 360.-€ (equivale ao 15% custe da praza) |
| Maior de 13.001,00.-€ | 600.-€ (equivale ao 25% custe da praza) |

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fora o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 750 prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 413 prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 337 prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

**Oitavo.- Comisión de valoración**

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2018”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

**Noveno.- Concesión e resolución das prazas**

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesedos/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluirá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web http://www.vigoeningles.org. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

**Décimo.- Aceptacións e renuncias**

Os alumnos e alumnas que, logo do acordo expreso adoitado pola Xunta de Goberno Local, resulten adxudicatarios definitivos das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2018 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no **Anexo V** nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión definitiva da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.

Para esto último, o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para efectuar o pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo de educación, a documentación necesaria (DNI/NIE e/ou pasaporte en vigor) para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a

relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

**Décimo primeiro.- Expulsión do programa**

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

-O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.

-O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.

-O consumo ou a posesión de drogas.

-Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.

-Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.

**Décimo segundo.- Reclamacións**

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

**Décimo terceiro.- Disposición adicional**

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non entanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, respectarase o carácter confidencial da información dos beneficiarios á que se teña acceso como consecuencia da concesión das bolsas, non podendo utilizala con finalidade distinta á estabelecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

**Décimo cuarto.- Disposición final**

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2018

**(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)**

**1.DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI E NAI OU TITOR LEGAL DO/A ALUMNO/A)**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome e apelidos do pai ou titor: | | | | | |
| Nome e apelidos da nai ou titora: | | | | | |
| DNI/ NIE pai ou titor: | | | NI /NIE nai ou titora: | | |
| Enderezo: | Rúa | N.º | Bloque | Piso | C.P. |
| | | | | | |
| Poboación: | | Provincia: | | | |
| Teléfono fixo: | | Teléfono móbil: | | | |
| Correo electrónico: | | | | | |

**2.DATOS DO/A ALUMNO/A**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Primeiro apelido: | | | | |
| Segundo apelido: | | | | |
| Nome: | | DNI / NIE | | |
| Enderezo: | Nº | Piso | Bloque | C.P. |
| Poboación: | Provincia: | | | |
| Data de nacemento: | Sexo: | Home ○ | | Muller ○ |

| | |
|---|---|
| Teléfono fixo: | Teléfono móbil: |
| Correo electrónico: | |

**3.OBSERVACIÓNS**

| |
|---|
| **Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.:** |

**4. DATOS ACADÉMICOS**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Centro no que estuda: | | | | |
| Nivel de estudos no curso 2017/2018: | | | | |
| Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO: | 7 ○ | 8 ○ | 9 ◉ | 10 ○ |
| Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas: | Si ○ | Non ○ | | |

**5. DATOS RELATIVOS AO ADXUDICATARIO**

| | | |
|---|---|---|
| É de nacionalidade española ou residente legal: | Si ○ | Non ○ |
| Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2017 : | Si ○ | Non ○ |
| Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2017/2018: | Si ○ | Non ○ |
| Ten concedida , no ano 2018, outra axuda coa mesma finalidade que a presente: | Si ○ | Non ○ |

**6. DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA (RISQUE CUN X)**

| | |
|---|---|
| ☐ | Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal. |
| ☐ | Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal. |
| ☐ | Fotocopia do título de familia numerosa en vigor |
| ☐ | Fotocopia da sentenza de divorcio, convenio regulador, certificado de defunción. |
| ☐ | Fotocopia do certificado de discapacidade |

Concello de Vigo

| | |
|---|---|
| ☐ | Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2017/2018, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO. |
| ☐ | Outros (especificar): |

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2018, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario, a publicación destes datos, e o uso pedagóxico na web institucional das imaxes das actividades desenvolvidas neste programa.

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor legal)

Sinatura Alumno/a solicitante

Vigo, de de 2018

## ANEXO II

## AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL VIGO EN INGLÉS 2018

Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información relativa á última declaración da renda aos efectos de comprobar a renda per cápita da unidade familiar.

| **Parentesco**<br><br>**Alumno/a** | **Nome e Apelidos** | **DNI / NIE** | **Sinatura** |
|---|---|---|---|
| Pai / Titor / Outros | | | |
| Nai / Titora / Outros | | | |

Vigo, de de 2018

Asinado.

Pai/nai/titor/a legal:

**A N E X O III**

**AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL**

**PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2018**

Concello de Vigo

Don/Dona: co DNI/NIE nº , como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a solicitante autorizo a ,
a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018) organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro de 2018, e a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, de de 2018

Asinado.

Pai/nai/titor/a legal:

**ANEXO IV**

**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE**

**PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2018**

Don/Dona.: ______________________________, co DNI/NIE nº ______________ , como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a ______________________________, co DNI/NIE nº ______________

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2018), consonte as "bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2018 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo"

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

- ○ Que non solicitei e non se me concederon, no ano 2018, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas
- ○ Que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2018 axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado pai/nai/titor/a legal: ______________________________

Vigo, ______ de ______________ de 2018

Concello de Vigo

**ANEXO V**

**ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA**

**PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2018**

**DATOS DO SOLICITANTE**

| | |
|---|---|
| –DNI/NIE: | |
| –Nome: | |
| –1º apelido: | |
| –2º apelido: | |

**DATOS DO ALUMNO/A**

| | |
|---|---|
| 8. DNI/NIE: | |
| 9. Nome: | |
| 10. 1º apelido: | |
| 11. 2º apelido: | |

| ACEPTACIÓN | RENUNCIA |
|---|---|
| ○ | ○ |

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2018 consonte coas bases da súa convocatoria

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , ______ de ______________ de 2018

Servizo de Educación
Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)
Praza do Rei s/n, Pranta 11ª
36202 Vigo

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2018) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 750 prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2018", coa finalidade de mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, cuxas estadías lingüísticas se realizarán durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, preferentemente entre a primeira quincena de setembro de 2018 e a primeira semana de outubro de 2018.

**SEGUNDA.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.**

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

•Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.

•Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.

•Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).

• Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda

•Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.

•Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

•Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.

• Aloxamento en casa de familias anfitrioas de fala inglesa.

•Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.

•Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.

•Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2018, e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Concello de Vigo.

A participación no Programa “Vigo en Inglés 2018” non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas nas bases da convocatoria.

| TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR | ACHEGA FAMILIAR |
|---|---|
| Ata 6.000,00.-€ | Exento |
| Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€ | 240.-€ (equivale ao 10% custe da praza) |
| Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€ | 360.-€ (equivale ao 15% custe da praza) |
| Maior de 13.001,00.-€ | 600.-€ (equivale ao 25% custe da praza) |

O importe total destinado a financiar as 750 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.704.465.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do exercizo 2018.

**CUARTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderá solicitar praza para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2018” o alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

**QUINTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS PRAZAS.**

O procedemento para a concesión destas prazas para participar no programa “Vigo en Inglés 2018” será o de concorrencia competitiva.

**SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.**

A convocatoria coas bases reguladoras para a participación no programa “Vigo en Inglés 2018” será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada e nos centros educativos da ESO do

Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, e na páxina web do programa www.vigoeningles.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.
A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a participación no programa "Vigo en Inglés 2018", facilitaranse nas oficinas do servizo municipal de educación e nas propias páxinas webs do Concello de Vigo e do programa www.vigoeningles.org.

**OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

O servizo municipal de educación será o encargado da instrución do procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 750 prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2018". A avaliación das solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa de servizo de Educación e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

**NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA**

O alumnado beneficiario/a das prazas para participar no programa "Vigo en Inglés 2018" deberá xustificar o desenvolvemento da estadía lingüística en destino coa obtención do certificado ou diploma acreditativo da realización do programa, e polo tanto co cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda en especie consistente na prestación de servizos.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA ........, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2018) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

"De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

Mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.704.465.-€ aprox. (Un millón setecentos catro mil catrocentos sesenta e cinco Euros) con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17

**TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

Un máximo de 750 alumnos/as de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpran os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS PRAZAS**

O procedemento para a concesión destas prazas será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das prazas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org., e na web do programa www.vigoeningles.org.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA.**

O alumnado beneficiario/a das prazas para participar no programa “Vigo en Inglés 2018” deberá xustificar o desenvolvemento da estadía linguística en destino coa obtención do certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

**11(177).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” E O CONCELLO PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2018. EXPTE. 8241/224.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/02/18 e o informe xurídico de data 01/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, o concelleiro de Igualdade (Resolución de delegación temporal de 06.02.2018) e polo concelleiro-delegado de Orzamentos de Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

.- Traballar na prevención dos malos tratos
.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar os proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".

- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"

- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2018” que a entidade presenta ao Concello e que se incorpora como Anexo I neste expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría *“Convenio asoc. Rede mulleres contra os malos tratos”* 2311 4890004, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5413/224 do 2012 e 5856/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

O Servizo de Fiscalización mediante informe emitido en data 13.02.2018 lembra a este órgano xestor o cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) polo que a “Asociación Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos” está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas. Atendendo a esta observación procedeuse a adaptar a cláusula novena “Xustificación” a esta obriga.

Por isto, e previos os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

Por isto, e previos os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a *“Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo”* e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o ano 2018.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00€ (trinta mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria *“Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos*

*de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras" 2311 4890004* do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

" Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil dezaoito

**REUNIDAS**

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 8241- 224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.** Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:
.- Traballar na prevención dos malos tratos
.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal

e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.

- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”

- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2018” que se incorpora como *Anexo I* neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que forma parte deste convenio como <u>Anexo III</u>.

**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## <u>PACTOS</u>

### PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará no 2018 e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".

- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"

- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2018" que se incorpora como Anexo I neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

**SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Conce-

llería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE , enderezo e teléfono/s de contacto.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” segundo modelo do Anexo IV, debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.
É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2018 e que se enmarquen no programa de actividades 2018 incorporado como Anexo I, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava “Publicidade”.

6. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

7. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

8. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

9. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

10. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

11. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

**TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00€ co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

**CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

12. A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
13. A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
14. Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

**OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.
É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2018 e que se enmarquen no programa de actividades 2018, incorporado como Anexo I a este convenio. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión

tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade coa suficiente antelación a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello. Esta difusión da financiación municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

**NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

1. Procedemento da xustificación: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas. En base ao anterior, a beneficiaria deberá achegar a documentación xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica (https://sede.vigo.org), aportando facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.
No caso de que se achegue documentación presencialmente, o órgano xestor requirirá a súa subsanación mediante a presentación electrónica. A estes efectos considerarase como data de presentación da documentación aquela na que se tivese realizado a subsanación..

2. Prazo: antes do 10 de decembro de 2018, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) Memoria económica: que incluirá a relación de todos os gastos imputables ao obxecto do convenio (custes salariales e de seguridade social, así como outros gastos , cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarase o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén os programas subvencionados ao abeiro deste convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2018. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A memoria económica comprenderá a seguinte documentación:

a.1) Presentación dunha táboa na que se reflictan todos os gastos acreditativos á axuda concedida (concepto de gasto, nome da empresa e CIF, mes de cómputo, importe desglosando o IVE (computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto) e deberá indicarse o importe que se imputa a este convenio (total/parcial (con indicación da porcentaxe que se imputa).

a.2) Presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.
As facturas deberán recoller o nome da empresa, o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Computarase o gasto acreditativo deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

a.3) Presentación de nóminas correspondentes aos meses imputados, boletíns de cotizacións á Seguridade Social e xustificación de ingreso e pago do IRPF .

a.4) O gasto do proxecto non subvencionable deberá xustificarse mediante a achega dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

b) Memoria de actividades:

b.1) A entidade beneficiaria presentará o Anexo IV " Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción". Neste anexo deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria. Para garantir o anonimato das persoas usuarias do programa a beneficiaria deberá codificar os datos que presente electronicamente sen menoscabo da obriga de facilitar á Concellería de Igualdade a chave/código de identificación co obxecto de que o equipo profesional do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller poida realizar un seguimento das usuarias.
Este anexo entregarase cunha periodicidade trimestral.

b.2) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionable, en soporte dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio e que se identifican no Anexo I deste convenio. As mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas no marco deste programa de colaboración serán as identificadas no Anexo IV.

**DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 10 de decembro de 2017 ata o 9 de decembro de 2018 e de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2018 e que forma parte deste convenio como Anexo II.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2018. Anexo II.

**DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

**DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2018 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2018."

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(178).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-7. EXPTE. 8268/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 29/01/18, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, pola asesora xurídica de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos de Facenda, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 16 de febreiro de 2018 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. Y1365132G onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada da súa filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que

se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-7 , co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. Y1365132G e a súa filla, a ocupen por un período de 6 meses, transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-7 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 8268-224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(179).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADO POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XANEIRO 2018. EXPTE. 2360/334.**

Dáse conta do informe-proposta de data 26/02/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, aprobadas polo Pleno con data 28/02/2005, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de xaneiro de 2018.

Asunto: relación de expedientes de contrato menor correspondentes ao mes de xaneiro de 2018, tramitados no servizo e autorizados pola concelleira-delegada

| | |
|---|---|
| Expediente | 2346-334. Percorridos literarios pola nosa cidade |
| Decreto concelleira | data 22 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 9501 |
| Adxudicatario | Xurxo Martínez González |
| Importe | 550,00 euros |

Concello de Vigo

| | |
|---|---|
| Expediente | 2347-334. Charlas sobre a improvisación en verso impartidas pola regueifeiro Josiño da Teixeira no Centro de Interpretación da oralidade de Vigo, entre xaneiro e maio de 2018 |
| Decreto concelleira | data 22 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 9504 |
| Adxudicatario | ORAL de Galicia |
| Importe | 1.440,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 2349-334. Imparticipación do curso formativo de lingua galega *Achégate ao galego, nivel básico* |
| Decreto concelleira | data 26 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 11737 |
| Adxudicatario | Ana María Vázquez Facchini |
| Importe | 1.512,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 2350-334. Seminario de narración oral *Reinventar a tradición* dentro do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo a cargo de Paula Carballaiera durante o primeiro trimestre do ano 2018 |
| Decreto concelleira | data 26 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 11747 |
| Adxudicatario | Berrobambán, S.L. |
| Importe | 1.045,44 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 2351-334. Obradoiros de escritura creativa para adultos |
| Decreto concelleira | data 29 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 12377 |
| Adxudicatario | Clara Isabel Rodríguez Giráldez |
| Importe | 1.560,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 2352-334. Actividade dinamizadora da lingua de noso: Ludotecas lingüísticas: *Lingua Forza 3* |
| Decreto concelleira | data 30 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 13277 |
| Adxudicatario | Antaxurada S.L.U. (nome comercial: Xandobela) |
| Importe | 1.925,00 euros |

| | |
|---|---|
| Expediente | 2353-334. Obradoiros de improvisación oral en verso (regueifas) nos centros de ensino. Obradoiros dirixidos a alumnado de ESO, BAC e FP; e certame de regueifas |

| | |
|---|---|
| Decreto concelleira | data 30 de xaneiro de 2018 |
| Informe Intervención | RC 13279 |
| Adxudicatario | ORAL de Galicia |
| Importe | 5.950,00 euros |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(180).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.d) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 31216/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- Con data 21/12/2017, a Xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira de Educación, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha oficial de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas. Con data 14/12/2017, D. José Manuel Castiñeira Machado, con DNI nº *****935 V, aceptou proposta de nomeamento como oficial de instalacións municipais no expte. 31036-220. Con data 16/01/2018, o mesmo decide renunciar ao nomeamento proposto non podendo nomear a ninguén no seu lugar.

2.- En resposta a esta petición, e como consecuencia da renuncia do Sr. Castiñeira Machado no expte 31036-220, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 23/01/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 31/01/2018, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente,* ***ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública*** *y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustixa de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"***FD CUARTO.-***

*(….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas:* ***1º)*** *cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*"......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (…......) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación*

*estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local,* ***lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.****"*

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300- oficial instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Educación, que conta coa conformidade do Concelleiro de Educación; así coma na instrución do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 23/01/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

**IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas oficiais de instalacións para o Servizo de Educación, supón un gasto de **22.679,33 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.427,48 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

0 referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

**V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. José Carlos González Pedreira, con DNI *****525-K e D. Rubén Romero Alonso, con DNI *****898-T,** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito de data 30/01/2018, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

**VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións,** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito do 25/12/2017 e tras a renuncia do Sr. Castiñeira Machado no expte 31036-220; en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.679,33 €,** xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. José Carlos González Pedreira, con DNI *****525-K e D. Rubén Romero Alonso, con DNI *****898-T,** na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300- oficial instalacións), sendo adscrito/a ó Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/da funcionario/a interino/a nomeado/a desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa de Eduación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(181).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL, OEP 2010/2011 – 2º FASE. EXPTE. 31302/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/18, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

**1**. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 30 de decembro de 2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 04 de febreiro de 2011 e no DOG de data 18 de febreiro seguinte.

**2.** As bases xerais reitoras dos procesos selectivos derivados, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2012 (BOP nº 210, do 31.10.2012 e DOG nº 240, do 18.12.2012) e as específicas (2ª Fase), aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesións do 05.12.2013 e 13.12.2013 e publicadas no BOP nº 240, do 16.12.2013 e no DOG nº 245, do 24.12.2013 (dispoñibles tamén na sede electrónica do Concello de Vigo no sitio: https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga).

**3.** Foron convocadas, entre outras, dúas prazas de Inspector Principal, incluídas no Subgrupo A2 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: Policía Local; categoría, Inspector Principal; tanda de acceso: promoción interna.

**4.** De conformidade co previsto na Base VIII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez aportada a documentación esixida serán nomeados funcionarios en prácticas, percibindo en tanto realizan o correspondente curso de capacitación, as retribucións que lle correspondan (neste caso as retribucións correspondentes ao posto, código 99-Inspector, que están desempeñando na actualidade ata o momento do seu nomeamento como funcionarios en prácticas, ademais dos trienios que actualmente teñen recoñecidos) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**5.** En data 30 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, acordou:

*«PRIMEIRO:* Nomear **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **Inspector/a Principal da Policía Local** incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011, ós seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición pola quenda de promoción interna e que acadaron a seguinte puntuación total:

| APELIDOS | NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| ÁLVAREZ FERREIRA | FRANCISCO JAVIER | *****666Q | 8,083 |
| ARENAS VILLARROEL | SANTIAGO | *****201V | 6,450 |

6. En data 15 de decembro de 2017 o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública expediu certificados conforme D. Francisco Álvarez Ferreira e D. Santiago Arenas Villarroel superaron o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia, convocado mediante resolución do 6 de outubro de 2017 de decembro de 2017 e que foron presentados no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 19/12/2017 (doc.170177317 e doc.170177487).

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO**: Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas convocadas de **Inspector/a Principal da Policía Local** incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2010, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente, de 30/12/2016, ao ter superado o curso selectivo de capacitación para a categoría de Inspector Principal, dos corpos da Policía Local de Galicia:

| APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|
| ÁLVAREZ FERREIRA | FRANCISCO JAVIER | *****666Q |
| ARENAS VILLARROEL | SANTIAGO | *****201V |

**SEGUNDO**.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Área de Mobilidade e

Seguridade e Xefatura da Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO**: *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(182).- RECTIFICACIÓN DO ERRO NO EXPEDIENTE NÚM. 31042/220 “PRODUTIVIDADE PERSOAL SERVIZOS EXTINCIÓN DE INCENDIOS, VIGOZOO E CEMITERIOS” APROBADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07/12/17. EXPTE. 31534/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 26/01/18, asinado pola técnica media de relacións laborais, a xefa de área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na sesión extraordinaria e urxente do 07 de decembro de 2017, acordou o outorgamento de complemento de produtividade ao persoal dos servizos de Extinción de Incendios, Vigozoo e Cemiterios (EXPTE. 31042/220).

Advertido erro no numero de persoal correspondente ao efectivo con DNI 39465537K, o cal figura con NP 83579 cando o seu NP correcto é o NP 83589, e de conformidade co disposto no artigo 109.2 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, elévase a seguinte proposta:

“Único.- Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado na relación contida no Anexo I do acordo da Xunta de Goberno local de data 07 de decembro de 2017, “PRODUTIVIDADE PERSOAL SERVIZOS EXTINCIÓN DE INCENDIOS, VIGOZOO E CEMITERIOS (EXPTE. 31042/220) debendo figurar o NP 83589 e vez do NP 83579.”

Notifíquese a presente resolución, aos efectivos afectados, á Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal para coñecemento e efectos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende

o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(183).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA PRESENTADO CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE DATA 08/02/18, DA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIO/A-PEÓN (BASES APROBADAS POLA XGL 19/10/2017). EXPTE. 31535/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/02/18, asinado polo secretario e o presidente do Órgano de Selección probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego de operario/a-peón, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 19 de outubro de 2017, adoptou acordo aprobando as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos do artigo 10.1 do EBEP, como operario/a peón.

**Segundo.-** O día 1 de febreiro de 2018 realizouse o primeiro exercicio do proceso selectivo no Complexo Deportivo Municipal de Navia, consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas, máis 4 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas correcta, que os/as aspirantes tiñan que contestar nun tempo máximo de 30 minutos.

O día 2 de febreiro seguinte publicáronse as puntuacións, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

O día 6 de febreiro seguinte o agora recorrente, impugnou as preguntas nº 5, 7 e 20 do cuestionario tipo test solicitando a anulación das mesmas.

O Órgano de Selección, en sesión celebrada o día 8 de febreiro, acordou desestimar a reclamación polos motivos que constaban na acta correspondente.

**Terceiro.-** O día 14 de febreiro de 2018, D. Eduardo Vicente Bea Puentes interpón recurso de alzada contra esta desestimación (doc. 180024364)), alegando os mesmos motivos xa expostos na súa reclamación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**Primeiro.-** O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

*“Obxecto.*

*1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.*

*Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.*
*2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.*
*Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.*
*O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”*

**Segundo.-** Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

**Terceiro.-** O recorrente en alzada alega os mesmos motivos de impugnación xa expostos na súa reclamación previa, sen desvirtuar en modo algún os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación das mesmas.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

*“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.*

*A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”*

E, como xa dixemos, o recorrente non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade basea o seu recurso, non poñendo de manifesto a existencia dun erro patente, palmario ou manifesto no que puidera ter incorrido o órgano de selección, expresando tan só unha opinión subxectiva, pretendendo substituír o criterio técnico deste órgano colexiado formado segundo o principio de especialidade por outro que non reúne ditas características. A solvencia técnica e a neutralidade que caracteriza aos órganos de selección impón respectar o seu ditame mentres non conste de maneira inequívoca e patente que incorre en erro técnico, o que permitiría revisar o ditame deste órgano de selección. A simple opinión

do recorrente, diferente da do órgano de selección non é suficiente, senón que debería identificar de maneira precisa e clara os concretos puntos de desacerto técnico que advirte no ditame do órgano de selección e, ao mesmo tempo, sinalar as fontes técnicas de recoñecido prestixio na materia de que se trate que, respecto deses concretos puntos, poñan de manifesto que son maioritariamente valorados no ámbito científico como expresivos dun evidente e inequívoco erro.

Non entanto, facemos as seguintes consideracións:

**1ª**.- A alegación á pregunta nº 5 foi desestimada polos seguintes motivos:

*"**Pregunta nº 5: Segundo o artigo 95.2 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, considérase unha falta grave:***

*Alegan os/as recorrentes que a pregunta é errónea no seu enunciado e consecuentemente ningunha resposta é válida, xa que o artigo 95.2 citado refírese as faltas moi graves e non as graves.*

*O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación porque evidentemente o artigo 95.2 refírese ás faltas moi graves non as graves e, por iso, a resposta correcta é a 'd) Ningunha das anteriores.', porque as contempladas nas outras opcións (a, b e c) son faltas moi graves recollidas expresamente no punto 2 do artigo 95."*

O órgano de selección ratifícase neste motivo de desestimación xa que non existe ningún erro no enunciado da pregunta senón, polo contrario, o que se trataba é de que os aspirantes advertiran precisamente que o dito artigo refírese ás faltas moi graves e non ás graves e, en consecuencia, a única resposta correcta era a 'd Ningunha das anteriores'.

**2ª**.- A alegación á pregunta nº 7 foi desestimada polos seguintes motivos:

*"**Pregunta nº 7: Para desmontar un tabique:***

*Alegan os/as recorrentes que a pregunta non se corresponde co temario nin coas funcións propias do posto de operario-peón, nin se especifica a que tipo de tabique se refire, xa que hai tabiques de diferentes materiais sendo o tratamento para desmontalo tamén diferente.*

*O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que, esta pregunta pode incluírse tanto no tema 1 (Ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras, albanelaría, electricidade, carpintería e fontanería. Características e aplicacións) como no tema 4 (Os materiais da construción. Clases e aplicacións) da parte específica.*

*O Dicionario da Construción define Tabique como "Elemento construtivo moi común que conforma as divisións ou particións interiores dun edificio. É unha parede de pouco espesor realizada, polo xeral, con ladrillos cerámicos ocos sinxelos ou con superladrillos, recibidos, xeralmente, con pasta de yeso e revestidos posteriormente mediante un gornecido e posterior enlucido de yeso. Tamén poden ser de cartón-yeso. Non teñen función estrutural e non deben verse afectados por movementos estruturais", polo que ao non especificarse na pregunta a un tipo de tabique en concreto, enténdese que é un tabique construído con ladrillos, que é a forma xeral en que están construídos."*

O órgano de selección ratifícase no motivo de desestimación sinalado xa que do que trata a pregunta é sobre coñecementos teóricos incluídos no temario específico e non das funcións específicas que ten que realizar un operario peón no seu traballo cotiá. E o Tema I da parte

específica refírese tanto as ferramentas máis utilizadas polas brigadas de obras e albanelería -en concreto-, como as súas características e aplicacións. E entre as funcións dun peón de albanelería figuran as de facer mesturas, cargar materiais de construción, derribar paredes e vigas, realizar a limpeza da área de traballo e das ferramentas, trasladar os materiais á área de traballo, etc.

**3ª**.- A alegación á pregunta nº 20 foi desestimada polos seguintes motivos:

*"**Pregunta nº 20: O cemento?***

*Alegan os/as recorrentes que esta pregunta presenta erro en si mesma, sendo imprecisa, incompleta e falta de fundamento, xerando incomprensión e imposibilidade de proporcionar unha resposta.*

*O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que, seguindo a definición dada polo Dicionario da construción, cemento é: "Material de construción obtido de materiais pétreos, por calcinación de mesturas de arxilas e terra calcaria. Ten a propiedade de hidratarse en presenza da auga e así obtén a capacidade de unir, adquirindo resistencia co paso do tempo. É o conglomerante máis utilizado para unir certos materiais entre si, a través dun proceso químico. Pódense distinguir os cementos naturais que se obteñen da calcinación das margas, e os artificiais para os cales se utilizan mesturas de arxila e calcaria, preparadas e dosificadas, logrando cementos de maior calidade"; comunmente enténdese que é un material de construción composto dunha substancia en po que, mesturada con auga ou outra substancia, forma unha pasta branda que se endurece en contacto coa auga ou o aire; emprégase para tapar ou encher ocos e como compoñente aglutinante en bloques de formigón e en argamasas.*
*O enunciado da pregunta é claro, atópase entre interrogacións e en singular, polo tanto é unha pregunta e sobre un tema xenérico ao carecer de adxectivo cualificativo.*

*O cemento é un conglomerante que endurece ao aire e baixo a auga e que despois do endurecemento é resistente a aquela.*

*Polo que a resposta dada como correcta 'c) Endurece tanto ao aire como mergullado na auga' é a única correcta, sendo as outras tres opcións claramente incorrectas, non inducindo a ningún tipo de dúbida o enunciado da pregunta."*

O órgano de selección ratifícase no motivo de desestimación sinalado xa que o cemento é un conglomerante, é dicir, un material capaz de unir fragmentos de un ou varios materiais e dar cohesión ao conxunto mediante transformacións químicas na súa masa que orixina novos compostos. O cemento é un conglomerante hidráulico que, polo tanto, pode endurecer tanto en contacto co aire como mergullado en auga.

**Cuarto.-** En consecuencia do anterior, o órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (E.B.E.P.), para operario/peón, na súa reunión celebrada o día 21 de febreiro de 2018, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

**Quinto.-** Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do órgano de selección na sesión celebrada o día 8 de febreiro de 2018, polo que se desestimaban as reclamacións contra as preguntas números 5, 7 e 20 (entre outras) polos motivos que constaban na acta correspondente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Eduardo Vicente Bea Puentes (Doc. 180024364) o día 14 de febreiro de 2018, contra a desestimación das reclamacións ás preguntas número 5, 7 e 20 do primeiro exercicio da oposición que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (E.B.E.P.), para operario/a peón, polas razóns xurídicas expostas.-"

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(184).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA MEMORIA DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2017. EXPTE. 31390/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/02/18, asinado pola xefa da área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese en data 03/01/2008 a esta Área de Recursos Humanos e Formación Memoria de Gastos xustificativa e acreditativa correspondente ao ano 2017.

En consecuencia, e en cumprimento do establecido no artigo 5 do Regulamento rector do Fondo Social do Concello de Vigo, por esta Área de Recursos Humanos e Formación recíbese a documentación enviada, e procédese a dar conta á Xunta de Goberno Local, a efectos de toma de coñecemento por parte de dito órgano municipal, competente ex artigo 127.1, apartado g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para a xestión económica do persoal municipal, elevando á mesma, coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xetión Municipal (deceretos da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016 e acordos da XGL de mesmas datas) a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO**:

"**Único.-** Tomar razón da Memoria de Gastos xustificativa do Fondo de Acción Social correspondente ao ano 2017, contida no Anexo I do presente acordo e parte inseparable do mesmo, comunicada pola Comisión Xestora do FAS en data 03/01/2018.

**<u>ANEXO I</u>**

*"A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, encargada de distribuír as axudas con cargo a partida orzamentaria prevista nos Orzamentos Municipais, correspondente ó ano 2017,*

*nos termos e contías establecidas no artigo 30 do Acordo regulador das condiccións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, modificación aprobada no Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2013.*

*A súa distribución realizouse seguindo o establecido no Regulamento do Fas, aprobado en Xunta de Goberno Local do 20-12-2012 e publicado no BOP do 31-03-2013 e ás bases rectoras do Fondo de Acción Social, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 16-04-2013, e tuvo como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter socio-sanitario para o conxunto dos empregados públicos/as municipais, destinados a promover as melloras das súas condiccións sociais referidas a gastos non incluidos nin cubertos pola Seguridade Social, asi como, programas para formación , axudas para estudios dos/as empregados públicos/as municipais e descendentes no primeiro grao de consanguineidade destinados á obtención de títulos oficiais en centros públicos ou privados debidamente homologados, todos estes programas se elaboraron mediante propostas de convocatorias da Comisón Xestora do Fondo de Acción Social, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.*

*Con data 09-01-2017 se remite ao servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en xuntanza de data 27-12-2016, a comisión xestora acordou convocatoria de estudios 2016-2017 , dita convocatoria se aproba en Xunta de Goberno Local do 16-02-2017 con un prazo de entrega de solicitudes de 30 días naturais, se recolleron un total de 544 solicitudes.*

*Asi mesmo esta comisión con data 04-04-2017 remite ao servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en xuntanza de data 30-03-2017, a comisión xestora acordou convocatoria de axuda socio-sanitarias 2017, esta convocatoria se aproba en Xunta de Goberno Local do 12-05-2017 con prazo de entrega de solicitudes ata o 30 de xuño de 2017, en dito prazo se recolleron un total de 760 solicitudes.*

*De acordo coas bases estivo aberto durante todo o ano o prazo para solicitar axudas especiais, que foron concedidas por acordo da comisión xestora do Fas, asesorada polos técnicos designados a esta comisión polo concelleiro delegado de Recursos Humanos.*

*Unha vez feitas as contas do mencionado ano, dan un balance por conceptos, do seguinte xeito:*

| *CONCEPTO* | *CANTIDADE* |
|---|---|
| *PARTIDA TOTAL* | *430.000.00 €* |
| *AXUDAS SOCIO-SANITARIAS* | *286.222.00 €* |
| *AXUDAS ESTUDIOS* | *119.810,00 €* |
| *AXUDAS ESPECIAIS* | *23.329.00 €* |
| *TOTAL GASTADO* | *429.361,00 €* |

*Tódolos os gastos foron realizados en cumprimento do establecido no acordo regulador dos traballadores/as deste Concello e Regulamento do Fas."*

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(185).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2100/341.**

Visto o informe xurídico do 29/01/18 e o informe de fiscalización de data 20/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 13/02/18, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23/01/2018 polo servizo de Museos realizouse informe-proposta para a segunda prórroga do contrato do servizo de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade na rede de museos do Concello de Vigo (expte. 457/341); coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda.

Con data 28/01/2018 a Asesoría Xurídica do Concello realiza informe que conclue que a prórroga se axusta á normativa exposta, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención Municipal.

Posteriormente, no citado informe-proposta detéctouse un erro na cifra correspondente ao mantemento de instalacións de seguridade, que tomaba a referencia do inicio do contrato (11.374,06 € para dúas revisións ou 22.748,12 € polo importe anual) en lugar do importe anual vixente 22.907,16 €/anualidade aprobado pola Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2017 sobre terceira revisión de prezos do contrato; o que supón a rectificación das contías recollidas no punto 7 do informe do 23 de xaneiro de 2018 e no primeiro e segundo parágrafo da proposta á Xunta de Goberno Local; de tal forma que onde dicía:

*"7.- A segunda prórroga anual do contrato sería dende o 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019 e o seu importe máximo de 554.442,91 €; correspondendo 188.605,66 € a 4 meses do exercicio 2018 (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.374,06 € por 2 revisións de servizos de mantementos) e 365.837,25 € a 8 meses do exercicio de 2019 (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.374,05 € por 2 revisións de servizos de mantementos)."*
debe dicir:

*"7.- A segunda prórroga anual do contrato sería dende o 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019 e o seu importe máximo de 554.601,96 €; correspondendo 188.685,18 € a 4 meses do exercicio 2018 (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 revisións de servizos de mantementos) e 365.916,78 € a 8 meses do exercicio de 2019 (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 revisións de servizos de mantementos)."*
E neste sentido compre modificar as cifras do primeiro e segundo parágrafo da proposta respecto ao informe anterior.

**INFORME-PROPOSTA:**

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**
–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local con data 23 de xuño de 2014 acordou (expte. 457/341):
"*Adxudicar a Unión Temporal de Empresas formada por Sistemas de Seguridade A-1 e Servicios de Seguridade Integral e Mantenementos A-1 S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva. (expediente 457-341) por un prezo total de 1.663.328,72 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 288.676,88 € e un 7,06 % de baixa proporcional única para os prezos unitarios dos servizos de vixilancia e o prezo anual do servizo de mantemento fixados no apartado 3.F da Folla de Especificacións do contrato*

*Así mesmo se compromete a achegar as melloras dos elementos de seguridade antiintrusión especificadas no apartado 8.B).2º das FEC para todos os centros da rede museística municipal especificados no apartado 2.A) das FEC.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*"

*2.* Con data 18 de agosto de 2014, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 S.L. e SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 S.L, CIF U70420203, polo que esta empresa "comprométese á prestación dos servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo con estricta suxeición ó prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Excmo. Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando (...) a súa conformidade". Os servizos de vixilancia préstanse no Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego" Casa das Artes e Casa Galega da Cultura; os servizos de mantemento de instalacións de seguridade e contraincendios, ademais deste catro centros, tamén se prestan en Verbum-Casa das Palabras e CAT.

3. "*O prazo do contrato será de tres anos, contado dende o 1 de setembro de 2014*", data na que comezaron as prestacións do contrato, establecéndose nas FEC a opción de 3 prórrogas dun ano de duración cada unha.

4. A porcentaxe de redución da adxudicataria fora do 7,06 % respecto aos importes de licitación (1.789.685,19 €) polo que se subscribe o prezo máximo do contrato para as tres anualidades de 1.663.328,72 € (IVE incluído), que se distribúen do seguinte xeito: 188.605,66 € do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2014 (4 meses); 554.442,91 € xaneiro-decembro de 2015 e 2016 e 365.837,25 € (anualidades completas) do 1 de xaneiro ao 31 de agosto de 2017 (8 meses).

Os prezos unitarios de adxudicación foron.- Servizos de vixilancia de seguridade: 19,40 € hora laborable diurna; 20,79 € hora festiva diurna; 21,14 € hora laborable nocturna; 22,54 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.748,11 €/anualidade (4 revisións).

Revisións de prezos do contrato.- De acordo co establecido no PCAP realizáronse tres revisións de prezos. Primeira revisión de prezos (-0,05%), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 8 de abril de 2016. Servizos de vixilancia de seguridade: 19,38 € hora laborable diurna; 20,78 € hora festiva diurna; 21,13 € hora laborable nocturna; 22,53 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.736,73 €/anualidade (4 revisións).

Segunda revisión de prezos (-0,05%), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 4 de maio de 2017. Servizos de vixilancia de seguridade: 19,37 € hora laborable diurna; 20,77 € hora festiva diurna; 21,12 € hora laborable nocturna; 22,52 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.725,37 €/anualidade (4 revisións).

Terceira revisión de prezos (+0,8%), aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de decembro de 2017. Servizos de vixilancia de seguridade: 19,53 € hora laborable diurna; 20,93 € hora festiva diurna; 21,28 € hora laborable nocturna; 22,70 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.907,16 €/anualidade (4 revisións).

5. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 180011623 de data 18/01/2018, preséntase documentación para a renovación da prórroga do contrato de servizos e vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións na rede de museos de Vigo, expte 457-341. Consta escrito de D. José Ángel de las Heras Lozano (xerente de Servizios de seguridade integral e manetementos A-1, SL) e en representación da UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 S.L. e SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 S.L., CIF U70420203 solicitanto a tramitación da segunda prórroga do contrato dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento das instalacións de seguridade na rede de museos de Vigo, para o período 01/09/2018 ao 31/08/2019 manifestando que de producirse non se vai opoñer e a vai aceptar. A documentación achegada inclue a copia compulsada da escritura notarial (protocolo 2360, do notario de Santiago D. Francisco López Moledo) relativa a "cese e nomeamento de xerente de unión temporal de empresas, traslado de domicilio social e modificación de estatutos", na que se nomea ao citado como o seu novo xerente da UTE referida.

6. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 22 de xaneiro de 2018, dispoñendo que se proceda a instruir a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos servizos, co persoal cualificado para a execución dos mesmos e cos resultados satisfatorios acadados.

Concello de Vigo

7. Esta xefatura informa que a empresa U.T.E. SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L. E SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. ten cumplido satisfactoriamente con estipulado no citado contrato e nos pregos técnicos e PCAP, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas, sin que se teñan producido incumprimentos pola súa parte. Tampouco se teñen recibido queixas de usuarios ou dos técnicos responsables dos diversos centros da rede de museos onde se realizan os servizos e as incidencias puntuais operativas que se teñen presentado foron resoltas adecuadamente en tempo e forma. Tamén foron implantadas as melloras dos elementos de seguridade antiintrusión especificadas no apartado 8.B).2º das FEC e que xa se informaran cando a tramitación da primeira prórroga. Por tanto as prestacións contractuais que desenvolve a empresa relízanse de forma adecuada e satisfactoria conforme aos pregos.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos no poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, inclúidas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

2.- En línea co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que na concurrencia para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prorroga. Así mesmo, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentemento tácito das partes.

3.- Neste senso, na cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares indícase que a duración do contrato e das súas prórrogas será a establecida nos apartados 4.A) e 4.C) das FEC, que determinan un prazo de execución de 3 anos e 3 prórrogas dun ano de duración cada unha. A prórroga require acordo previo e expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato; neste caso, o contratista non só non se ten oposto senon que ten solicitado a prórroga do contrato.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 22 de xaneiro de 2018 autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

7.- A segunda prórroga anual do contrato sería dende o 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019 e o seu importe máximo de 554.601,96 €; correspondendo 188.685,18 € a 4 meses do exercicio 2018 (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 revisións de servizos de mantementos) e 365.916,78 € a 8 meses do exercicio de 2019 (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 revisións de servizos de mantementos).

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe da Intervención Xeral, co informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, co conforme do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

***"PRIMEIRO.****- Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede musística e expositiva (expte. 457/341), polo período dun ano, é dicir, dende* o 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019*, polo importe máximo total de cincocentos cincuenta e catro mil seiscentos un euros con noventa e seis céntimos (*554.601,96 €*), IVE incluído.*

***SEGUNDO.-*** *Aprobar o gasto por importe máximo total de cincocentos cincuenta e catro mil catrocentos corenta e dous euros con noventa e un céntimos (554.601,96 €), IVE incluído, a favor de U.T.E. SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L. E SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. (CIF U70420203), con cargo á partida 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias", do cal corresponden:* ***:*** *ao exercicio económico de 2018 (4 meses) 188.685,18 € (177.231,60 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 servizos trimestrais de mantementos) e ao exercicio económico de 2019 (8 meses), 365.916,78 € (354.463,20 € por servizos de vixilancia e 11.453,58 € por 2 servizos trimestrais de mantementos).*

*Os servizos de vixilancia préstanse no Museo Municipal "Quiñones de León", Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego" Casa das Artes e Casa Galega da Cultura; os servizos de mantemento de instalacións de seguridade e contraincendios, ademais deste catro centros, tamén se prestan en Verbum-Casa das Palabras e CAT.*

*Os prezos unitarios do contrato, co IVE incluído, serán os actualmente vixentes, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14 de decembro de 2017.- Servizos de vixilancia de seguridade: 19,53 € hora laborable diurna; 20,93 € hora festiva diurna; 21,28 € hora laborable nocturna; 22,70 € hora festiva nocturna. Servizos de mantemento de instalacións de seguridade: 22.907,16 €/anualidade (4 revisións).*

***TERCEIRO.-*** *Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(186).- PROXECTO MODIFICADO Nº1 DO "PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ FASE II". EXPTE. 4095/440.**

Dáse conta do informe-proposta do 23/02/18, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, a xefa de servizo de Contratación, o concelleiro-delegado da área de Fomento, a titular da Asesoría Xurídica Municipal e o interventor xeral, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2016 acordou aprobar o proxecto de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II" cun orzamento de 1.009.187,23 € IVE incluído redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Santiago N. López Fontán"

2.- A Xunta de Goberno Local en data 12 de maio de 2017 acordou: "Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez. Fase II"(Expte.: 4095-440) por un prezo total de 755.780,52 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 131.168,52 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

3.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, en data 19 de maio de 2017, resolveu: "Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II" (Expte. 4095/440) a Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal Dna. Mª Francisca Arlandis Marra e a Enxeñeira Industrial, Dna. Begoña Arranz González.

4.- Con data 18 de maio de 2017 formalizase o contrato das obras de "Mellora da Accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez. Fase II" entre o Concello de Vigo e Civis Global, S.L.U.

5.- Con data 5 de xuño de 2017 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.

6.- Con data 30 de xuño de 2017 asínase o acta de suspensión temporal da obra debido ó achado de elementos do patrimonio arqueolóxico, un deles en bo estado de conservación, que sería afectado polas obras contempladas no proxecto aprobado. A Dirección Xeral de Patrimonio solicitou o estudo dun novo encaixe do proxecto, non afectando ao elemento do patrimonio arqueolóxico mellor conservado. Dita solución debe ser autorizada na comisión da Dirección Xeral de Patrimonio, polo cal decídese paralizala obra ata obter resolución.

7.- Con data 26 de xullo de 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu resolución favorable á alternativa de proxecto proposta.

Como resultado da resolución é necesario adaptar parte da xeometría da obra, cambios que deben ser recollidos nun proxecto modificado. O proxecto modificado redactarase por tanto iniciada e avanzada a obra, e atendendo as necesidades que se producen que por outra parte non puideron ser advertidas na fase de redacción do proxecto.

8.- Unha vez validada a solución pola Dirección Xeral de Patrimonio, con data 7 de agosto de 2017, a Dirección facultativa da obra, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", para a redacción do MODIFICADO Nº 1 das obras "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", xa que se detectan tralo comezo das obras unha serie de circunstancias, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 10 de agosto de 2017, acordou:

"Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Santiago N. López Fontán"

7º.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 26.12.2017 no seguinte sentido:

*"ASUNTO: INFORME DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS* ***"MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II".***

***I.- ANTECEDENTES***

*1.- A Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2016 acordou aprobar o proxecto de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II" cun orzamento de 1.009.187,23 € IVE incluído redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Santiago N. López Fontán"*

*2.- A Xunta de Goberno Local en data 12 de maio de 2017 acordou: "Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (faseII)"(4095-440) por un prezo total de 755.780,52 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 131.168,52 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

*3.- O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, en data 19 de maio de 2017, resolveu:*

*"Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección facultativa da obra de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II" (Expte. 4095/440) a Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal Dna. Mª Francisca Arlandis Marra e a Enxeñeira Industrial, Dna. Begoña Arranz González.*

*4.- Con data 18 de maio de 2017 formalizase o contrato das obras de "Mellora da Accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez. Fase II" entre o Concello de Vigo e Civisglobal, S.L.U.*

*5.- Con data 5 de xuño de 2017 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.*

*6.- Con data 30 de xuño de 2017 asínase o acta de suspensión temporal da obra debido* ***ó achado de elementos do patrimonio arqueolóxico, un deles en bo estado de conservación, que sería afectado polas obras contempladas no proxecto aprobado. A Dirección Xeral de Patrimonio solicitou o estudo dun novo encaixe do proxecto, non afectando ao elemento do patrimonio arqueolóxico mellor conservado.*** *Dita solución debe ser autorizada na comisión da Dirección Xeral de Patrimonio, polo cal decídese paralizala obra ata obter resolución.*

*7.- Con data 26 de xullo de 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu resolución favorable á alternativa de proxecto proposta.*

***Como resultado da resolución é necesario adaptar parte da xeometría da obra, cambios que deben ser recollidos nun proxecto modificado****. O proxecto modificado redactarase por tanto iniciada e avanzada a obra, e atendendo as necesidades que se producen que por outra parte non puideron ser advertidas na fase de redacción do proxecto.*

*8.- Unha vez validada a solución pola Dirección Xeral de Patrimonio, con data 7 de agosto de 2017, a Dirección facultativa da obra, solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", para a redacción do MODIFICADO Nº 1 das obras "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", xa que se detectan tralo comezo das obras unha serie de circunstancias, que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obra previstas inicialmente. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 10 de agosto de 2017, acordou:*

*"Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Santiago N. López Fontán"*

*9.- Con data 10 de agosto de 2017 levantase a suspensión temporal, que se decreta mediante comunicación ao contratista, para continuar cos traballos non afectados polas modificacións.*

*O proxecto modificado terá por obxecto principal recoller este condicionante patrimonial.*

*Neste sentido presentase o presente Proxecto Modificado nº 1 que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente tendo en conta as circunstancias atopadas non previsibles con anterioridade e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación das obras.*

## ***II- MODIFICACIÓNS.***

*O obxecto do proxecto modificado é dar cumprimento ao condicionado arqueolóxico establecido pola DX de Patrimonio a través dunha resolución de 26 de xullo do 2017.*

*No condicionado que acompaña a resolución, permítese o levantado do treito de cimentación da muralla, estritamente imprescindible para encaixar a escaleiras mecánica, coas seguintes condicións:*

*•treito inferior da **cimentación da muralla**, afectado pola escaleira mecánica, deberá ser levantado con metodoloxía arqueolóxica e documentado mediante un rexistro rigoroso.*

*•**Deberá conservarse na súa integridade a galería subterránea histórica**, para o que se establecerán as medidas de seguridade e obras oportunas, para que non se vexa afectada durante as obras. Tamén se deberá conservar soterrado o treito superior da cimentación da muralla.*

*O levantamento do resto de cimentación entra dentro das actividades xa reguladas e que acompañan ao proxecto matriz. Sen embargo para manter a galería subterránea é necesario unha **reestruturación xeométrica da ocupación das escaleiras mecánicas, e por tanto unha nova definición de toda a distribución de elementos prevista no proxecto.***

*O modificado principalmente pon orde a nova distribución e xeometría resultado da aparición dos restos dos lenzos das antigas murallas, e do paso soterrado; e da cumprimento dos condicionados establecidos pola Dirección Xeral do Patrimonio para súa conservación.*

*A modificación apenas afecta a primeira escaleira inferior que non se ve afectada por estes condicionados.*

*A escaleira superior, por contra, debe replantearse cara o norte, e achegarse á marxe edificada, con obxecto de salvar o paso soterrado descuberto nas tarefas de control arqueolóxico, en parte sobre o trazado antigo das vellas escaleiras físicas.*

*Aparte deste movemento da escaleira mecánica cara o noroeste, débese compatibilizar o resto da distribución, o que tamén esixe o reencaixe das escaleiras fixas, que con obxecto de dar accesibilidade aos distintos portais quedan xeometrizadas mediante unha "L" no seu contacto co "rellano" entre escaleiras.*

*A reubicación deste elementos provoca que deba re-deseñarse gran parte dos elementos de contención deste segundo treito, que acompaña a escaleira superior. Os parterres axardinados quedan mais amplos, e a súa cota orixinal, xa que baixo eles se desenvolve a traza da galería soterrada que debe conservarse.*

*Con esta re-definición do replanteo xorden amais posibilidades de mellora, para un mellor tratamento do espazo público. Mellórase a plataforma superior de desembarque da escaleira, no contacto con Abeleira Menéndez reducindo a pendente transversal excesiva do espazo público que se conforma entre a rúa, a zona verde, e a propia escaleira.*

*O proxecto modificado tamén recolle determinadas casuísticas da obra, como por exemplo a ampliación dos traballos de escavación arqueolóxica, mais intensos do previsto no proxecto*

*por mor da aparición dos achádegos arqueolóxicos que fundamentan e xustifican o propio modificado.*

***<u>Proposta de modificacións no Proxecto.</u>***

*En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato. No seu apartado c) sobre as circunstancias que determinan a modificación contempla as construcións soterradas ou os elementos de protección arqueolóxica. Tal é o caso da obra, onde encontrouse parte da muralla e galería subterránea. Feito que non se pode ver a nivel do proxecto, detectándose só en fase de obra.*

*Atendendo ao apartado 15.b sobre os aspectos a modificar, recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra de movemento de terras, revalorización muralla, estruturas, pavimentación e firmes, escaleiras mecánicas, cuberta e remates escaleiras, saneamento, abastecemento, electricidade, telecomunicacións, iluminación, mobiliario urbano, xardinería e rego. E en relación a este ámbito das unidades de obra, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Presuposto do Proxecto; todas as modificacións plantexadas atenden a circunstancia xustificativa para a modificación do contrato recollida no apartado 15.c das FEC "**aparición no subsolo de construcións soterradas ou os elementos de protección arqueolóxica".***

## *<u>1. DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO.</u>*

*Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas por capítulos establecidos no orzamento do proxecto:*

### *1.1 Movemento de terras e traballos de seguimento.*

*Como consecuencia da nova reestruturación xeométrica da ocupación das escaleiras mecánicas, e por tanto, unha nova definición de toda a distribución de elementos prevista no proxecto, xorden aumentos de medición de unidades de obra, e reducións de outras unidades que dan como resultado o seguinte balance:*

| | | | MODIFICADO | | | | PROYECTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CODIGO | UD | DESCRIPCION | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | |
| Presupuesto parcial nº 1 MOV. DE TIERRAS, TRABAJOS PREVIOS Y SEGUIMIENTO | | | | | | | | | | | |
| 1,1 | M2 | DEMOLICION POR MEDIOS MECANICOS (RETROEXCAVADORA | 510,16 | 7,06 | 3.601,73 | | 455,78 | 7,06 | 3.217,81 | | 383,92 |
| 1,2 | M2 | DEMOLICION DE ESCALERAS, CON RECUPERACIÓN DE | 38,58 | 31,75 | 1.224,92 | | 38,58 | 31,75 | 1.224,92 | | 0,01 |
| 1,3 | M3 | DEMOLICIÓN DE MURO DE HORMIGÓN ARMADO DE ESPESOR | 20,54 | 64,67 | 1.328,32 | | 22,5 | 64,67 | 1.455,08 | | -126,76 |
| 1,4 | M3 | EXCAVACIÓN EN DESMONTE EN CUALQUIER CLASE DE | 542,90 | 7,08 | 3.843,73 | | 478,84 | 7,08 | 3.390,19 | | 453,54 |
| 1,5 | M3 | EXCAVACIÓN SUBTERRÁNEA POR PROCEDIMIENTOS | 480,00 | 21,36 | 10.252,80 | | 480 | 21,36 | 10.252,80 | | |
| 1,6 | M3 | FORMACION DE TERRAPLEN Y RELLENO POR MEDIOS | 410,34 | 6,19 | 2.540,00 | | 147,15 | 6,19 | 910,86 | | 1.629,14 |
| 1,7 | M2 | FORMACIÓN DE CAJA PARA FIRMES CONSIGUIENDO | 510,16 | 3,47 | 1.770,26 | | 455,78 | 3,47 | 1.581,56 | | 188,70 |
| 1,8 | PA | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA DESMONTAJE, | 1,00 | 500,00 | 500,00 | | 1 | 500,00 | 500,00 | | |
| 1,9 | UD | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA MODIFICAR EL | 1,00 | 5000,00 | 5.000,00 | | 1 | 5.000,00 | 5.000,00 | | |
| | | Total presupuesto parcial nº 1 MOVIMIENTO DE TIERRAS, TRABAJOS PREVIOS Y SEGUIMIENTO: | | | | 30.061,76 | | | | 27.533,22 | |

### *1.2 Revalorización muralla.*

*Atendendo a resolución da DX Patrimonio xurden dúas novas unidades necesarias para o cumplimento do condicionado que acompaña dita resolución:*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM1* | *2.4.2* | *UD.* | *Traballos manuais en galería* | *1,00* | *701,00 €* | *701,00 €* |
| *PNM2* | *2.4.4* | *UD.* | *Desmontaxe muralla* | *1,00* | *9.735,61 €* | *9.735,61 €* |

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, incluido as novas unidades supón:*

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO | | | | PROYECTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | |
| **2.1.- PANELES DE AZULEJO** | | | | | | | | | | | | |
| | 2.1.1 | UD | SUMINISTRO Y TRANSPORTE A LUGAR DE INSTALACIÓN DE | 4,00 | 930,00 | 3.720,00 | | 4 | 930,00 | 3.720,00 | | |
| | 2.1.2 | UD | BLOQUES CON FORMA DE PRISMA IRREGULAR DE HA CON | 2,00 | 5250,11 | 10.500,22 | | 2 | 5.250,11 | 10.500,22 | | |
| | 2.1.3 | UD | BLOQUES DE HORMIGÓN PARA ZONA DE A PEDRA. BLOQUES | 0,00 | 3300,62 | 0,00 | | 2 | 3.300,62 | 6.601,24 | | -6.601,24 |
| | | | Total 2.1.- 01.01 PANELES DE AZULEJO: | | | | 14.220,22 | | | | 20.821,46 | |
| **2.2.- CARTELES INTERPRETATIVOS** | | | | | | | | | | | | |
| | 2.2.1 | UD | MESAS INTERPRETATIVAS FORMADAS POR PANELES DE | 7,00 | 700,00 | 4.900,00 | | 11 | 700,00 | 7.700,00 | | -2.800,00 |
| | | | Total 2.2.- 01.02 CARTELES INTERPRETATIVOS: | | | | 4.900,00 | | | | 7.700,00 | |
| **2.3.- PLACAS METÁLICAS** | | | | | | | | | | | | |
| | 2.3.1 | UD | PLACA METÁLICA DE 12X8CM PARA SU DIPOSICIÓN CADA 20M | 0,00 | 10,00 | 0,00 | | 100 | 10,00 | 1.000,00 | | -1.000,00 |
| | 2.3.2 | UD | PLACA METÁLICA DE 12X8CM PARA SU DIPOSICIÓN EN EL | 0,00 | 10,00 | 0,00 | | 80 | 10,00 | 800,00 | | -800,00 |
| | 2.3.3 | UD | INSTALACIÓN DE PLACA INFORMATIVA EN CADA UNO DE LOS | 0,00 | 7,78 | 0,00 | | 180 | 7,78 | 1.400,40 | | -1.400,40 |
| | | | Total 2.3.- 01.03 PLACAS METÁLICAS: | | | | 0,00 | | | | 3.200,40 | |
| **2.4.-** | | | | | | | | | | | | |
| PNM1 | 2.4.2 | UD | TRABAJOS MANUALES EN GALERÍA | 1,00 | 701,00 | 701,00 | | | | | | **701,00** |
| | 2.4.3 | M2 | LAMINA GEOTEXTIL PROTECCIÓN MURALLA | 52,00 | 2,48 | 128,96 | | | | | | 128,96 |
| PNM2 | 2.4.4 | UD | DESMONTAJE MURALLA | 1,00 | 9735,61 | 9.735,61 | | | | | | **9.735,61** |
| | | | Total 2.4.- 01.04 : | | | | 10.565,57 | | | | | |
| | | | Total presupuesto parcial nº 2 REVALORIZACIÓN MURALLA: | | | | 29.685,79 | | | | 31.721,86 | |

## *1.3 Estruturas e obras de contención*

*A escaleira inferior e superior, se planean conformadas no interior dunha sección estrutural en formigón armado en forma de "U" que contén as terras por ámbolos seus dous lados. Aos efectos do seu armado tívose en conta o efecto de situacións provisionais de carga de terras non simétricas, como muro de contención, xa que son desfavorables respecto a situación final de proxecto. A reubicación destes elementos provoca que deba redeseñarse gran parte dos*

*elementos de contención do segundo treito de escaleiras o que da como resultado a necesidade de crear un novo muro de contención:*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM3* | *3.18* | *M2.* | *Muro de mampostería concertada* | *15,13* | *183,35 €* | *2.774,09 €* |

*É necesario o reaxuste das medicións das unidades de obra do proxecto que se recollen na seguinte táboa:*

| CODIGO | UD DESCRIPCION | MODIFICADO | | | PROYECTO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | MEDICION | PRECIO | IMPORTE |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Presupuesto parcial nº 3 ESTRUCTURAS** | | | | | | | | | | | | |
| | 3,1 | M3 | SUMINISTRO Y PUESTA EN OBRA DE HORMIGÓN PARA ARMAR | 30,41 | 85,84 | 2.610,39 | | 47,16 | 85,84 | 4.048,21 | | -1.437,82 |
| | 3,2 | M3 | SUMINISTRO Y PUESTA EN OBRA DE HORMIGÓN PARA ARMAR | 42,23 | 85,36 | 3.604,75 | | 48,68 | 85,36 | 4.155,32 | | -550,57 |
| | 3,3 | M3 | SUMINISTRO Y PUESTA EN OBRA DE HORMIGÓN EN MASA, | 11,07 | 69,14 | 765,38 | | 8,41 | 69,14 | 581,47 | | 183,91 |
| | 3,4 | KG | SUMINISTRO Y COLOCACION DE ACERO PARA ARMADURAS | 9623,90 | 0,91 | 8.757,75 | | 8504,8 | 0,91 | 7.739,37 | | 1.018,38 |
| | 3,5 | M2 | IMPERMEABILIZACION DE MUROS A BASE DE APLICACION CON | 148,57 | 6,44 | 956,79 | | 137,17 | 6,44 | 883,37 | | 73,42 |
| | 3,6 | ML | JUNTA ELASTICA IMPERMEABLE DE NEOPRENO PARA | 9,64 | 4,38 | 42,22 | | 9,64 | 4,38 | 42,22 | | -0,00 |
| | 3,7 | M2 | ENCOFRADO DE MADERA, OCULTO, RECTO, VERTICAL, DE 1ª | 29,21 | 9,29 | 271,36 | | 55,88 | 9,29 | 519,13 | | -247,77 |
| | 3,8 | M2 | ENCOFRADO DE MADERA, OCULTO, RECTO, VERTICAL, DE 1ª | 148,57 | 12,47 | 1.852,67 | | 144,77 | 12,47 | 1.805,28 | | 47,39 |
| | 3,9 | M2 | ENCOFRADO DE MADERA, VISTO, RECTO, DE 1ª CALIDAD, CON | 148,57 | 17,51 | 2.601,46 | | 144,77 | 17,51 | 2.534,92 | | 66,54 |
| | 3,10 | M2 | DRENAJE DE MUROS CON LÁMINA NODULAR CON MARCADO | 148,57 | 18,27 | 2.714,37 | | 137,17 | 18,27 | 2.506,10 | | 208,27 |
| | 3,11 | ML | DREN DE P.V.C.DURO CORRUGADO DE DN=160 MM. | 74,25 | 5,41 | 401,69 | | 57,37 | 5,41 | 310,37 | | 91,32 |
| | 3,12 | M3 | SUMINISTRO, EXTENDIDO Y NIVELACION DE GRAVA DE 20 A 40 | 89,14 | 15,73 | 1.402,17 | | 82,3 | 15,73 | 1.294,58 | | 107,59 |
| | 3,13 | M2 | SUMINISTRO Y COLOCACION DE GEOTEXTIL NO TEJIDO | 270,13 | 2,48 | 669,92 | | 249,4 | 2,48 | 618,51 | | 51,41 |
| | 3,14 | UD | SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE PATE DE ACCESO DE | 12,00 | 5,80 | 69,60 | | 12 | 5,80 | 69,60 | | |
| | 3,15 | M2 | ENTIBACION CUAJADA DEL FOSO HASTA 7 M. DE | 37,88 | 19,93 | 754,95 | | 37,88 | 19,93 | 754,95 | | 0,00 |
| PNM3 | 3,18 | M2 | MURO DE MAMPOSTERIA CONCERTADA | 15,13 | 183,35 | 2.774,09 | | | | | | **2.774,09** |
| | | | Total presupuesto parcial nº 3 ESTRUCTURAS: | | | | 30.249,56 | | | | 27.863,41 | |

### *1.4 Pavimentación e firmes.*

*Coa redefinición do replanteo empeoran as condicións de accesibilidade do desembarco da escaleira superior, polo que é necesario incorpoorar un pavimento de granito de menor despiece que permita realizar as transicións de pendentes con maior suavidade co obxetivo de mellorar substancialmente a accesibilidade no entorno:*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM4* | *4.8* | *M2.* | *Adoquín Moreno de dimensións 5x5cm* | *20,40* | *72,66 €* | *1.482,26 €* |

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO | | | | PROYECTO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | |
| **Presupuesto parcial nº 4 PAVIMENTACIÓN Y FIRMES** | | | | | | | | | | | | |
| | 4,1 | M3 | CAPA GRANULAR FORMADA POR ZAHORRA ARTIFICAIL, | 91,30 | 19,94 | 1.820,52 | | 77,22 | 19,94 | 1.539,77 | | 280,75 |
| | 4,2 | M3 | SUMINISTRO Y PUESTA EN OBRA DE HORMIGÓN EN MASA, | 86,85 | 69,14 | 6.004,81 | | 75,38 | 69,14 | 5.211,77 | | 793,04 |
| | 4,4 | ML | PELDAÑO DE HASTA 40 CM DE HUELLA DE | 113,48 | 168,73 | 19.147,48 | | 91,39 | 168,73 | 15.420,23 | | 3.727,25 |
| | 4,5 | M2 | PAVIMENTO DE LOSAS DE GRANITO SILVESTRE | 252,26 | 86,27 | 21.762,47 | | 211,55 | 86,27 | 18.250,42 | | 3.512,05 |
| | 4,6 | M2 | CHAPADO DE PIEDRA DE GRANÍTICA EN MUROS A UNA CARA | 12,43 | 89,44 | 1.111,74 | | 41,34 | 89,44 | 3.697,45 | | -2.585,71 |
| | 4,7 | M2 | PAVIMENTO DE LOSAS DE GRANITO SILVESTRE MORENO, | 149,82 | 95,81 | 14.354,25 | | 149,82 | 95,81 | 14.354,25 | | -0,00 |
| PNM4 | 4,8 | M2 | ADOQUÍN MORENO DE DIMENSIONES 5 X 5 CM | 20,40 | 72,66 | 1.482,26 | | | | | | **1.482,26** |
| | | | Total presupuesto parcial nº 4 PAVIMENTACIÓN Y FIRMES: | | | | 65.683,53 | | | | 58.473,90 | |

### *1.5 Saneamento*

*Debido a reestructuración xeométrica, provoca a reducción de espazos no subsolo polo que é necesario a redefinición da rede de saneamento . Defínese a nova rede, e o axuste de xeometría en planos.*

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD DESCRIPCION | MODIFICADO | | | PROYECTO | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | MEDICION | PRECIO | IMPORTE |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Presupuesto parcial nº 7 SANEAMIENTO** | | | | | | | | | | | |
| **7.1.- MOVIMIENTO DE TIERRAS** | | | | | | | | | | | |
| 7.1.1 | M3 | EXCAVACION EN ZANJA DE CUALQUIER TIPO, REALIZADO EN | 303,50 | 10,35 | 3.141,23 | | 303,5 | 10,35 | 3.141,23 | | 0,01 |
| 7.1.2 | M2 | ENTIBACIÓN MEDIA O SEMICUAJADA (UNA TABLA SI Y OTRA | 132,88 | 8,80 | 1.169,34 | | 132,88 | 8,80 | 1.169,34 | | -0,00 |
| 7.1.3 | M3 | SUMINISTRO, EXTENDIDO Y COMPACTADO DE ARENA DE RIO | 5,52 | 19,64 | 108,41 | | 5,52 | 19,64 | 108,41 | | -0,00 |
| 7.1.4 | M3 | RELLENO Y COMPACTADO DE ZANJAS, POR MEDIOS | 297,98 | 5,76 | 1.716,36 | | 297,98 | 5,76 | 1.716,36 | | -0,00 |
| | | Total 7.1.- 0501 MOVIMIENTO DE TIERRAS: | | | | 6.135,34 | | | | 6.135,35 | |
| **7.2.- CANALIZACIÓN** | | | | | | | | | | | |
| 7.2.1 | ML | ML DE CANAL DE HORMIGÓN POLÍMERO TIPO ULMA, MODELO | 27,25 | 146,92 | 4.003,57 | | 31,5 | 146,92 | 4.627,98 | | -624,41 |
| 7.2.2 | M | COLECTOR DE SANEAMIENTO ENTERRADO DE PVC DE PARED | 73,00 | 17,11 | 1.249,03 | | 48 | 17,11 | 821,28 | | 427,75 |
| 7.2.3 | M | COLECTOR DE SANEAMIENTO ENTERRADO DE PVC DE PARED | 63,40 | 38,31 | 2.428,85 | | 33 | 38,31 | 1.264,23 | | 1.164,62 |
| | | Total 7.2.- 0502 CANALIZACIÓN: | | | | 7.681,45 | | | | 6.713,49 | |
| **7.3.- OBRAS DE FÁBRICA** | | | | | | | | | | | |
| 7.3.2 | UD | POZO DE REGISTRO PREFABRICADO COMPLETO, DE 100 CM. | 1,00 | 294,15 | 294,15 | | 1 | 294,15 | 294,15 | | |
| 7.3.3 | UD | EJECUCIÓN DE POZO DE REGISTRO PREFABRICADO | 1,00 | 327,56 | 327,56 | | 1 | 327,56 | 327,56 | | |
| 7.3.4 | UD | EJECUCIÓN DE POZO DE REGISTRO PREFABRICADO | 4,00 | 386,48 | 1.545,92 | | 4 | 386,48 | 1.545,92 | | |
| 7.3.5 | M3 | SUMINISTRO Y PUESTA EN OBRA DE HORMIGÓN EN MASA, | 11,59 | 69,14 | 801,33 | | 11,59 | 69,14 | 801,33 | | -0,00 |
| 7.3.6 | M2 | ENCOFRADO DE MADERA, OCULTO, RECTO, VERTICAL, DE 1ª | 55,44 | 12,47 | 691,34 | | 55,44 | 12,47 | 691,34 | | 0,00 |
| 7.3.7 | KG | SUMINISTRO Y COLOCACION DE ACERO PARA ARMADURAS | 167,65 | 0,91 | 152,56 | | 167,65 | 0,91 | 152,56 | | -0,00 |
| 7.3.8 | UD | REPOSICIÓN ACOMETIDA EXISTENTE, INCLUYENDO TUBO DE | 8,00 | 109,03 | 872,24 | | 8 | 109,03 | 872,24 | | |
| 7.3.10 | UD | SUMIDERO DE DIMENSIONES INTERIORES 0,70X0.35X0.85 M | 2,00 | 273,38 | 546,76 | | 2 | 273,38 | 546,76 | | |
| 7.3.11 | UD | ARQUETA DE FABRICA DE LADRILLO DE 1 PIE DE ESPESOR DE | 7,00 | 156,69 | 1.096,83 | | 7 | 156,69 | 1.096,83 | | |
| 7.3.12 | UD | ARQUETA SIFÓNICA EN HORMIGÓN HM-20/P/20/IIA DE 1.00X0.60 | 2,00 | 225,99 | 451,98 | | 8 | 225,99 | 1.807,92 | | -1.355,94 |
| | | Total 7.3.- 0503 OBRAS DE FÁBRICA: | | | | 6.780,67 | | | | 8.136,61 | |
| **7.4.-VARIOS** | | | | | | | | | | | |
| 7.4.1 | PA | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA RED DE SANEAMIENTO | 1,00 | 400,00 | 400,00 | | 1,00 | 400,00 | 400,00 | | |
| | | Total 7.4.- 0504 VARIOS: | | | | 400,00 | | | | 400,00 | |
| | | Total presupuesto parcial nº 7 SANEAMIENTO: | | | | 20.997,46 | | | | 21.385,45 | |

## *1.6 Abastecemento*

*Non se prevé ningunha alteración.*

## *1.7 Distribución de enerxía eléctrica*

*A nova xeometría pemite manter o trazado da liña soterrada orixinal, polo que se elimina as partidas correspondentes do Proxecto Modificado e modificar a programación respecto da ubicación dos cadros de potencia e mando da novas escaleiras, situandose a carón dos anteriores.*

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | PROYECTO MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Presupuesto parcial nº 9 ELECTRICIDAD, Y ACCESOS A ESCALERAS (ELEC. Y MANDO)** | | | | | | | | | | | |
| **9.1.- RETRANQUEO RED EXISTENTE. OBRA CIVIL** | | | | | | | | | | | |
| 9.1.1 | UD | ARQUETA DE REGISTRO TIPO 2 TAPAS RELLENABLES | 4,00 | 385,27 | 1.541,08 | | 4 | 385,27 | 1.541,08 | | |
| 9.1.2 | ML | ZANJA TIPO Z6 0,4X1,40 FORMADA POR 6 TUBOS DE PEAD DE | 46,00 | 51,56 | 2.371,76 | | 46 | 51,56 | 2.371,76 | | |
| | | Total 9.1.- 0701 RETRANQUEO RED EXISTENTE. OBRA CIVIL: | | | | 3.912,84 | | | | 3.912,84 | |
| **9.2.- RETRANQUEO RED EXISTENTE. INSTALACIONES** | | | | | | | | | | | |
| 9.2.1 | ML | CONDUCTOR DE ALUMINIO "RV" DE 1X50 MM2 DE SECCION | 0,00 | 1,23 | 0,00 | | 31 | 1,23 | 38,13 | | -38,13 |
| 9.2.2 | ML | TRANSPORTE, CARGA, DESCARGA Y TENDIDO DE | 0,00 | 0,42 | 0,00 | | 31 | 0,42 | 13,02 | | -13,02 |
| 9.2.3 | ML | SUMINISTRO DE CONDUCTOR UNIPOLAR DE ALUMINIO TIPO | 0,00 | 13,40 | 0,00 | | 147,00 | 13,40 | 1.969,80 | | -1.969,80 |
| 9.2.4 | ML | TRANSPORTE, CARGA, DESCARGA Y TENDIDO DE | 0,00 | 2,31 | 0,00 | | 147 | 2,31 | 339,57 | | -339,57 |
| 9.2.5 | UD | SUMINISTRO E INSTALACION DE EMPALME UNIPOLAR PARA | 0,00 | 197,87 | 0,00 | | 8 | 197,87 | 1.582,96 | | -1.582,96 |
| 9.2.6 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE CONDUCTOR DE COBRE CON | 0,00 | 2,98 | 0,00 | | 12 | 2,98 | 35,76 | | -35,76 |
| 9.2.7 | UD | SEGÚN EXPEDINTE Nº 248115020085 DE UNION FENOSA | 0,00 | 4200,00 | 0,00 | | 1 | 4.200,00 | 4.200,00 | | -4.200,00 |
| 9.2.8 | UD | SEGÚN EXPEDIENTE Nº DE UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN | 0,00 | 3012,14 | 0,00 | | 1 | 3.012,14 | 3.012,14 | | -3.012,14 |
| | | Total 9.2.- 0702 RETRANQUEO RED EXISTENTE. INSTALACIONES: | | | | 0,00 | | | | 11.191,38 | |
| **9.3.- ACOMETIDA ELECTRICA Y DE MANDO ESCALERAS, Y ACOMETIDAS A FACHADAS** | | | | | | | | | | | |
| 9.3.1 | ML | ZANJA TIPO Z1 0,2X1,00 FORMADA POR 1 TUBOS DE PEAD DE | 63,00 | 9,57 | 602,91 | | 63 | 9,57 | 602,91 | | |
| 9.3.2 | UD | EXCAVACION Y CIMENTACION PARA CENTRO DE MANDO DE | 5,00 | 94,20 | 471,00 | | 5 | 94,20 | 471,00 | | |
| 9.3.3 | UD | SUMINISTRO E INSTALACION DE PICA PARA TOMA DE TIERRA | 3,00 | 56,39 | 169,17 | | 3 | 56,39 | 169,17 | | |
| 9.3.4 | UD | PA A JUSTIFICAR PARA ACOMETIDA ELÉCTRICA PARA | 2,00 | 1500,00 | 3.000,00 | | 2 | 1.500,00 | 3.000,00 | | |
| | | Total 9.3.- 0703 ACOMETIDA ELEC. Y DE MANDO ESCALERAS, Y ACOMETIDAS A FACHADAS: | | | | 4.243,08 | | | | 4.243,08 | |
| | | Total presupuesto parcial nº 9 ELECTRICIDAD, Y ACCESOS A ESCALERAS (ELEC. Y MANDO): | | | | 8.155,92 | | | | 19.347,30 | |

### *1.8 Telefonía e datos*

*Non se prevé alteracións substanciais.*

### *1.9 Alumeado público*

*Mantense as previsións establecidas no proxecto orixinal, con pequenas modificacións na localización das luminarias na parte baixa, onde se substitúe unha columna por unha luminariaen fachada, como consecuencia da nova xeometría. Xorde unha nova unidade como necesidade de conservación, na súa integridade, da galería soterrada, tal e como indica o condicionado da resolución Xeral de Patrimonio:*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM5* | *11.2.5* | *UD.* | *Proxector empotrado* | *2,00* | *945,06 €* | *1.890,12 €* |

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | MODIFICADO PRECIO | MODIFICADO IMPORTE | | PROYECTO MEDICION | PROYECTO PRECIO | PROYECTO IMPORTE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Presupuesto parcial nº 11 ILUMINACIÓN** | | | | | | | | | | | | |
| **11.1.- OBRA CIVIL** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.1.1 | M3 | EXCAVACION EN ZANJA DE CUALQUIER TIPO, REALIZADO EN | 22,01 | 10,35 | 227,80 | | 22,3 | 10,35 | 230,81 | | -3,01 |
| | 11.1.2 | M3 | RELLENO Y COMPACTADO DE ZANJAS, POR MEDIOS | 19,80 | 5,76 | 114,05 | | 19,8 | 5,76 | 114,05 | | 0,00 |
| | 11.1.3 | UD | ARQUETA DE PASO, DERIVACIÓN O TOMA DE TIERRA, | 10,00 | 75,79 | 757,90 | | 10 | 75,79 | 757,90 | | |
| | 11.1.4 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE TRES TUBOS: UN TUBOS DE | 71,25 | 4,26 | 303,53 | | 72,4 | 4,26 | 308,42 | | -4,89 |
| | 11.1.5 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE TRES TUBOS: TRES TUBOS | 8,75 | 8,93 | 78,14 | | 8,75 | 8,93 | 78,14 | | 0,00 |
| | 11.1.6 | ML | SUMINISTRO DE CINTA SEÑALIZADORA, PARA | 80,00 | 0,11 | 8,80 | | 81,15 | 0,11 | 8,93 | | -0,13 |
| | 11.1.7 | ML | COLOCACIÓN DE CINTA SEÑALIZADORA, PARA | 80,00 | 0,16 | 12,80 | | 81,15 | 0,16 | 12,98 | | -0,18 |
| | 11.1.8 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE ACOMETIDA A LUMINARIA | 8,00 | 147,21 | 1.177,68 | | 7 | 147,21 | 1.030,47 | | 147,21 |
| | | | Total 11.1.- 0901 OBRA CIVIL: | | | | 2.680,70 | | | | 2.541,70 | |
| **11.2.- SOPORTES, LUMINARIAS** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.2.1 | UD | EXCAVACION Y CIMENTACION PARA BÁCULO O COLUMNA DE | 2,00 | 78,09 | 156,18 | | 3 | 78,09 | 234,27 | | -78,09 |
| | 11.2.2 | UD | SUMINISTRO E INSTALACION DE BRAZO PARED "VIGO H" DE | 8,00 | 382,17 | 3.057,36 | | 7 | 382,17 | 2.675,19 | | 382,17 |
| | 11.2.3 | UD | SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE LUMINARIA "VIGO H" | 10,00 | 996,73 | 9.967,30 | | 10 | 996,73 | 9.967,30 | | |
| | 11.2.4 | UD | COLUMNA CILINDRICA "VIGO H" DE 4 M. DE ALTURA FORMADA | 2,00 | 1063,05 | 2.126,10 | | 3,00 | 1.063,05 | 3.189,15 | | -1.063,05 |
| PNM5 | 11.2.5 | UD | PROYECTOR EMPOTRADO | 2,00 | 945,06 | 1.890,12 | | | | | | **1.890,12** |
| | | | Total 11.2.- 0902 SOPORTES, LUMINARIAS: | | | | 17.197,06 | | | | 16.065,91 | |
| **11.3.- CONDUCTORES** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.3.1 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE CONDUCTOR DE COBRE CON | 352,00 | 1,19 | 418,88 | | 357,06 | 1,19 | 424,90 | | -6,02 |
| | 11.3.2 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE CONDUCTOR DE COBRE DE | 115,67 | 1,87 | 216,30 | | 120,07 | 1,87 | 224,53 | | -8,23 |
| | 11.3.3 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE CONDUCTOR DE COBRE | 2,00 | 2,36 | 4,72 | | 2 | 2,36 | 4,72 | | |
| | | | Total 11.3.- 0903 CONDUCTORES: | | | | 639,90 | | | | 654,15 | |
| **11.4.- DESMANTELAMIENTOS Y PROVISIONAL** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.4.1 | H | DESMANTELAMIENTO DE TENDIDO SOBRRE FACHADA, | 10,00 | 62,59 | 625,90 | | 10 | 62,59 | 625,90 | | |
| | 11.4.2 | UD | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA SUMINISTRO E | 1,00 | 1500,00 | 1.500,00 | | 1 | 1.500,00 | 1.500,00 | | |
| | | | Total 11.4.- 0904 DESMANTELAMIENTOS Y PROVISIONAL: | | | | 2.125,90 | | | | 2.125,90 | |
| **11.5.- VARIOS** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.5.1 | PA | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA LA LEGALIZACIÓN DE LA | 1,00 | 300,00 | 300,00 | | 1 | 300,00 | 300,00 | | |
| | | | Total 11.5.- 0905 VARIOS: | | | | 300,00 | | | | 300,00 | |
| **11.6.- PUESTA A TIERRA** | | | | | | | | | | | | |
| | 11.6.1 | UD | SUMINISTRO E INSTALACION DE PICA PARA TOMA DE TIERRA | 2,00 | 56,39 | 112,78 | | 2 | 56,39 | 112,78 | | |
| | 11.6.2 | UD | CAJA DE CONEXION Y PROTECCION PARA PUNTO DE LUZ, | 10,00 | 10,06 | 100,60 | | 10 | 10,06 | 100,60 | | |
| | | | Total 11.6.- 0906 PUESTA A TIERRA: | | | | 213,38 | | | | 213,38 | |
| | | | Total presupuesto parcial nº 11 ILUMINACIÓN: | | | | 23.156,94 | | | | 21.901,04 | |

### *1.10 Mobiliario urbano. Elementos de protección*

*Como barreira ante os desniveis conformados coa nova xeometría,xorde a necesidade da inclusión dun peto de contención, que se plantexa copia do existente situado a carón do*

*edificio Simeón. Este replícase nunha extensión aproximada de mais de 15 metros de longo, para completar a aliñación nese primeiro “rellano”, e conformar a protección do espazo superior, que se configura como un “mirador” sobre toda a rúa.*

*Unidade nova.*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM6* | *12.6* | *ML* | *Balaustrada ornamental* | *16,90* | *1.862,16 €* | *31.470,50 €* |

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | PROYECTO MEDICION | PRECIO | IMPORTE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Presupuesto parcial nº 12 MOBILIARIO URBANO** | | | | | | | | | | | | |
| | 12,1 | UD | SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE SUM.INST.DISPOSITIVO DE | 8,00 | 84,01 | 672,08 | | 8 | 84,01 | 672,08 | | |
| | 12,2 | M2 | SUM.INST.CHAPA LISA DE ACERO INOX AISI316 L, ACABADO | 15,56 | 96,61 | 1.503,25 | | 15,57 | 96,61 | 1.504,22 | | -0,97 |
| | 12,3 | ML | BARANDILLA DE ESCALERA DE 100 CM. DE ALTURA, CON DOS | 36,74 | 213,66 | 7.849,87 | | 19,55 | 213,66 | 4.177,05 | | 3.672,82 |
| | 12,4 | ML | BARANDILLA TUBULAR SEGUN PLANOS , TUBO DE ACERO AISI | 12,32 | 181,86 | 2.240,52 | | 20,46 | 181,86 | 3.720,86 | | -1.480,34 |
| | 12,5 | ML | SUMINISTRO Y COLOCACION DE BANCO DE GRANITO /TIPO A | 7,00 | 159,00 | 1.113,00 | | 7 | 159,00 | 1.113,00 | | |
| PNM6 | 12,6 | ML | BALAUSTRADA ORNAMENTAL | 16,90 | 1862,16 | 31.470,50 | | | | | | **31.470,50** |
| | | | Total presupuesto parcial nº 12 MOBILIARIO URBANO: | | | | 44.849,22 | | | | 11.187,21 | |

## *1.11 Xardinería e rego.*

*Como consecuencia da conservación na súa integridade da galería é necesario a cubrición na vertical da mesma cunha solución lixeira que non cargue sobre a galeria e poida supor un perigo de deformación e incluso derrumbe da mesma, polo que xorden novas unidades:*

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *PNM7* | *13.1.8* | *UD.* | *Suministro e Plantación de Sedum* | *47,30* | *56,36 €* | *2.665,83 €* |
| *PNM8* | *13.1.9* | *UD.* | *Retirada arbolado existente* | *1,00* | *1.380,00 €* | *1.380,00 €* |

*En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidades de obras do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MEDICION | PRECIO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

Concello de Vigo

## 1.12 Varios.

Como consecuencia da nova xeometría xorde a seguinte unidade nova:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PNM9 | 14.4 | M2 | Adecuación de muro de formigón | 64,65 | 27,90 € | 1.803 |

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións de medicións nas unidade obras do proxecto, supón:

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | MODIFICADO PRECIO | MODIFICADO IMPORTE | | PROYECTO MEDICION | PROYECTO PRECIO | PROYECTO IMPORTE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **Presupuesto parcial nº 13 JARDINERÍA Y RIEGO** | | | | | | | | | |
| | | | **13.1.- JARDINERIA** | | | | | | | | | |
| | 13.1.1 | M³ | CAPA DE DRENAJE PARA PLANTACIÓN, CONSISTENTE EN LA | 47,30 | 46,43 | 2.196,14 | | 47,87 | 46,43 | 2.222,60 | | -26,46 |
| | 13.1.2 | M3 | CONFIGURACION DE PARCELAS O ZONAS VERDES, INCLUSO | 23,65 | 0,52 | 12,30 | | 23,94 | 0,52 | 12,45 | | -0,15 |
| | 13.1.3 | M2 | PERFILADO Y REFINO DE TALUDES EXISTENTES, EN TERRENO | 47,30 | 0,29 | 13,72 | | 47,87 | 0,29 | 13,88 | | -0,16 |
| | 13.1.4 | M2 | SUMINISTRO Y EXTENDIDO DE ENMIENDA ORGANICA CRIBADA | 47,30 | 2,79 | 131,97 | | 47,87 | 2,79 | 133,56 | | -1,59 |
| | 13.1.5 | M² | PLANTACIÓN DE PLANTAS ARBUSTIVAS DE TAMAÑO | 0,00 | 51,66 | 0,00 | | 47,87 | 51,66 | 2.472,96 | | -2.472,96 |
| | 13.1.6 | UD | SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE LIQUIDAMBAR FESTIVAL | 0,00 | 109,51 | 0,00 | | 2 | 109,51 | 219,02 | | -219,02 |
| | 13.1.7 | UD | SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE LINEA DE VIDA EN ZONA DE | 1,00 | 59,94 | 59,94 | | 1 | 59,94 | 59,94 | | |
| PNM7 | 13.1.8 | UD | SUMINISTRO Y PLANTACIÓN DE SEDUM | 47,30 | 56,36 | 2.665,83 | | | | | | 2.665,83 |
| PNM8 | 13.1.9 | UD | RETIRADA ARBOLADO EXISTENTE | 1,00 | 1380,00 | 1.380,00 | | | | | | 1.380,00 |
| | | | Total 13.1.- 1101 JARDINERIA: | | | | 6.459,90 | | | | 5.134,42 | |
| | | | **13.2.- RIEGO** | | | | | | | | | |
| | 13.2.1 | M3 | EXCAVACION NO CLASIFICADA EN CUALQUIER | 2,85 | 4,74 | 13,51 | | 2,85 | 4,74 | 13,51 | | 0,00 |
| | 13.2.2 | M3 | RELLENO Y COMPACTADO DE ZANJAS, POR MEDIOS | 2,85 | 5,76 | 16,42 | | 2,85 | 5,76 | 16,42 | | 0,00 |
| | 13.2.5 | ML | SUMINISTRO E INSTALACION DE TUBERIA DE POLIETILENO DE | 7,00 | 3,85 | 26,95 | | 7 | 3,85 | 26,95 | | |
| | 13.2.6 | ML | SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE TUBERIA DE POLIETILENO DE | 20,00 | 0,86 | 17,20 | | 20 | 0,86 | 17,20 | | |
| | 13.2.7 | UD | ARQUETA DE PASO, DERIVACIÓN O TOMA DE TIERRA, | 1,00 | 75,79 | 75,79 | | 1 | 75,79 | 75,79 | | |
| | 13.2.8 | UD | SUMINISTRO E INSTALACION DE CAJA DE CONEXION TBOS | | | | | | | | | |
| | 13.2.9 | M2 | SUMINISTRO E INSTALACION DE RIEGO POR GOTEO PARA | 23,65 | 3,18 | 75,21 | | 23,94 | 3,18 | 76,13 | | -0,92 |
| | 13.2.10 | UD | ACOMETIDA A LA RED DE ABASTECIMIENTO DE AGUA, | 1,00 | 382,18 | 382,18 | | 1 | 382,18 | 382,18 | | |
| | 13.2.11 | UD | SUMINISTRO Y COLOCACION DE ELECTROVALVULA DE 1", | 1,00 | 186,32 | 186,32 | | 1 | 186,32 | 186,32 | | |
| | | | Total 13.2.- 1102 RIEGO: | | | | 960,78 | | | | 961,69 | |
| | | | Total presupuesto parcial nº 13 JARDINERÍA Y RIEGO: | | | | 7.420,68 | | | | 6.096,11 | |
| | | | **Presupuesto parcial nº 14 VARIOS** | | | | | | | | | |
| | 14,1 | M2 | IMPERMEABILIZACIÓN DE MUROS A BASE DE APLICACION CON | 200,00 | 6,44 | 1.288,00 | | 200 | 6,44 | 1.288,00 | | |
| | 14,2 | UD | PARTIDA ALZADA A JUSTIFICAR PARA SUMINISTRO E | 3,00 | 819,73 | 2.459,19 | | 3 | 819,73 | 2.459,19 | | |
| | 14,3 | PA | PA A JUSTIFICAR IMPREVISTOS | 1,00 | 25000,00 | 25.000,00 | | 1 | 40.000,00 | 40.000,00 | | -15.000,00 |
| PNM9 | 14,4 | M2 | ADECUACION DE MURO DE HORMIGON | 64,65 | 27,90 | 1.803,74 | | | | | | 1.803,74 |

## 1.13 Xestión de Residuos

Varianse as medicións motivado polos metodos arqueolóxicos a empregar atendendo a resolución da DX de Patrimonio:

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | MODIFICADO PRECIO | MODIFICADO IMPORTE | PROYECTO MEDICION | PROYECTO PRECIO | PROYECTO IMPORTE | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **Presupuesto parcial nº 15 GESTIÓN DE RESIDUOS** | | | | | | | |
| | 15,1 | M3 | TRANSPORTE A VERTEDERO Y GESTIÓN DE CUALQUIER TIPO | 294,91 | 8,43 | 2.486,09 | 269,68 | 8,43 | 2.273,40 | 212,69 |
| | 15,2 | M3 | GESTIÓN DE PARTE PROPORCIONAL DE RESIDUOS | 742,91 | 4,61 | 3.424,82 | 584,87 | 4,61 | 2.696,25 | 728,57 |
| | 15,3 | M3 | GESTIÓN DOS MATERIAIS SOBRANTES E DO EMBALAXE DOS | 15,00 | 6,20 | 93,00 | 15 | 6,20 | 93,00 | |
| | 15,4 | M3 | GESTIÓN DE PARTE PROPORCIONAL DE RESIDUOS | 1,00 | 9,65 | 9,65 | 1 | 9,65 | 9,65 | |

## 1.15 Seguridade e Saúde.

Aumentase medición das unidades debido ao estudo e conservación da galería soterrada:

| CODIGO | | UD | DESCRIPCION | MODIFICADO MEDICION | MODIFICADO PRECIO | MODIFICADO IMPORTE | | PROYECTO MEDICION | PROYECTO PRECIO | PROYECTO IMPORTE | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | **Presupuesto parcial nº 16 SEGURIDAD Y SALUD** | | | | | | | | | |
| | 16,1 | UD | PRESUPUESTO SEGÚN ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD | 1,00 | 18411,96 | 18.411,96 | | 1 | 14.000,00 | 14.000,00 | | 4.411,96 |
| | | | Total presupuesto parcial nº 16 SEGURIDAD Y SALUD: | | | | 18.411,96 | | | | 14.000,00 | |

## III- CONCLUSIÓNS.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de “MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC, tal como se define no presente informe. Así mesmo,

*considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II".*

*Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.*

*As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente resultan ser un incremento do PEM de 26.137,39 €, que supón un incremento adicional líquido de 28.185,03 €, tal e como se resume nas Táboas seguintes:*

| ***CAPÍTULO*** | ***RESUMEN*** | ***PRESINICIAL*** | ***PRESMODIF*** | ***DIFERENCMP*** | ***%*** |
|---|---|---|---|---|---|
| ***01*** | *MOV. DE TIERRAS, T.PREV..* | *27.533,22* | *30.061,76* | *2.528,54* | |
| ***02*** | *REVALOR. MURALLA* | *31.721,86* | *29.685,79* | *-2.036,07* | |
| ***03*** | *ESTRUCTURAS* | *27.863,41* | *30.249,57* | *2386,16* | |
| ***04*** | *PAVIM. Y FIRMES* | *58.473,90* | *65.683,54* | *7.209,64* | |
| ***05*** | *ESCAL. MECÁNICAS* | *225.681,52* | *225.681,52* | *0.000,00* | |
| ***06*** | *CUBIERT Y REMATES ESC* | *177.522,99* | *176.752,09* | *-7.709,00* | |
| ***07*** | *SANEAMIENTO* | *21.385,45* | *20.997,47* | *-387,98* | |
| ***08*** | *ABASTECIMIENTO* | *5.434,68* | *5.434,68* | *0.000,00* | |
| ***09*** | *ELECT Y ACCESOS ESC* | *19.347,30* | *8.155,92* | *-11.191,38* | |
| ***10*** | *TELECOMUNICACIONES* | *3.904,99* | *3.904,93* | *0.000,00* | |
| ***11*** | *ILUMINACION* | *21.901,04* | *23.156,94* | *1.255,90* | |
| ***12*** | *MOBILIARIO URBANO* | *11.187,21* | *44.849,22* | *33.662,01* | |
| ***13*** | *JARDINERIA Y RIEGO* | *6.096,11* | *7.420,66* | *1.324,55* | |
| ***14*** | *VARIOS* | *43.747,19* | *30.550,73* | *-13.196,46* | |
| ***15*** | *GESTION DE RESID* | *5.072,30* | *6.013,56* | *941,26* | |
| ***16*** | *SEGURIDAD Y SALUD* | *14.000,00* | *18.411,96* | *4.411,96* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***Presupuesto de Ejecución Material*** | ***700.873,14*** | ***727.010,53*** | ***26.137,39*** |
| *13 % Gastos Generales.* | *91.113,51* | *94.511,37* | |
| *6% Beneficio Industrial* | *42.052,39* | *43.620,63* | |
| | | | |
| *Suma* | *834.039,04* | *865.142,53* | |

*21 % IVA 175.148,20 181.679,93*

***Presupuesto de Ejecución por Contrata 1.009.187,24 1.046.822,46***
***Presupuesto de Adjudicación (con baja) 755.780,52 783.965,55***
***28.185,03 3,72926%***

| | EM | LÍQUIDO | % |
|---|---|---|---|
| **Modificacións (según 15.d das FEC)** | 53.903,15 | 58.126,00 | 6,01072% |
| **Variacións de Medición (según art. 160.2)** | -27.765,76 | -29.940,97 | -2,28146% |
| ***SUMA*** | ***26.137,39*** | ***28.185,03*** | ***3,72926%*** |

*En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificación contempladas no apartado 15 das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15d das FEC, Límites da modificación, sinala que a cuantía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.*

*Ademáis, tendo en conta o artigo 160.2 do Reglamento 1098/2001, recollense no presente modificado as lixeiras variacións das medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal que non igualan nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que se da cumprimento ao artigo 234.3 do TRLCSP."*

En conclusión, as modificacións segundo o 15.d das FEC alcanza un 6,010725 e as variacións de medición, segundo o artigo 234, do TRLCS é dun -2,28146%.

9º.- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos emítese informe de supervisión do proxecto de data 26.12.2017, que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

*A Enxeñeira Técnica de Obras Publicas municipais Maria Francisca Arlandis Marra y a Enxeñeira Industrial Begoña Arranz González , directores das obras " MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ FASE II ", redactan o proxecto modificado nº 1, con importe adicional líquido de 28.185,03 euros.*

*Sendo as obras as que se plantexan as que se describen a continuación:*

*O obxecto do proxecto modificado é dar cumprimento ao condicionado arqueolóxico establecido pola DX de Patrimonio a través dunha resolución de 26 de xullo do 2017.*

*No condicionado que acompaña a resolución, permítese o levantado do treito de cimentación da muralla, estritamente imprescindible para encaixar a escaleiras mecánica, coas seguintes condicións:*

*Treito inferior da cimentación da muralla, afectado pola escaleira mecánica, deberá ser levantado con metodoloxía arqueolóxica e documentado mediante un rexistro rigoroso.*

*Deberá conservarse na súa integridade a galería subterránea histórica, para o que se establecerán as medidas de seguridade e obras oportunas, para que non se vexa afectada durante as obras. Tamén se deberá conservar soterrado o treito superior da cimentación da muralla.*

*O levantamento do resto de cimentación entra dentro das actividades xa reguladas e que acompañan ao proxecto matriz. Sen embargo para manter a galería subterránea é necesario unha reestruturación xeométrica da ocupación das escaleiras mecánicas, e por tanto unha nova definición de toda a distribución de elementos prevista no proxecto.*
*O modificado principalmente pon orde a nova distribución e xeometría resultado da aparición dos restos dos lenzos das antigas murallas, e do paso soterrado; e da cumprimento dos condicionados establecidos pola Dirección Xeral do Patrimonio para súa conservación.*

*A modificación apenas afecta a primeira escaleira inferior que non se ve afectada por estes condicionados.*

*A escaleira superior, por contra, debe replantearse cara o norte, e achegarse á marxe edificada, con obxecto de salvar o paso soterrado descuberto nas tarefas de control arqueolóxico, en parte sobre o trazado antigo das vellas escaleiras físicas.*

*Aparte deste movemento da escaleira mecánica cara o noroeste, débese compatibilizar o resto da distribución, o que tamén esixe o reencaixe das escaleiras fixas, que con obxecto de dar accesibilidade aos distintos portais quedan xeometrizadas mediante unha "L" no seu contacto co "rellano" entre escaleiras.*

*A reubicación deste elementos provoca que deba re-deseñarse gran parte dos elementos de contención deste segundo treito, que acompaña a escaleira superior. Os parterres axardinados quedan mais amplos, e a súa cota orixinal, xa que baixo eles se desenvolve a traza da galería soterrada que debe conservarse.*
*Con esta re-definición do replanteo xorden amais posibilidades de mellora, para un mellor tratamento do espazo público. Mellórase a plataforma superior de desembarque da escaleira, no contacto con Abeleira Menéndez reducindo a pendente transversal excesiva do espazo público que se conforma entre a rúa, a zona verde, e a propia escaleira.*

*O proxecto modificado tamén recolle determinadas casuísticas da obra, como por exemplo a ampliación dos traballos de escavación arqueolóxica, mais intensos do previsto no proxecto por mor da aparición dos achádegos arqueolóxicos que fundamentan e xustifican o propio modificado.*

*O proxecto modificado contempla novos prezos contradictorios, que se consideran adecuados, xa que para a súa definición, como se recolle no informe da dirección facultativa municipal respecto ao modificado: tomaron se os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de Obras do Estado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de*

*aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro" polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.*

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**I.- Posiblidade de Modificación**.- O artigo 210 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCS) establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de intepretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interés público**,** acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

O artigo 105 do TRLCS contempla que os contratos do sector público sólo poderán modificarse cando así se teña previsto nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCS.

O TRLCS prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 106 e 107) do TRLCS. No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rixe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rixe a licitación.

**II.**- En relación coa posibilidade do artigo 106 TRLCS, para o caso que nos ocupa o **Prego de Cláusulas Administrativas do contrato**, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 28 de novembro de 2016 no apartado 15 das FEC establece a posibilidade de modificación do contrato en determinadas circunstancias contempladas no mesmo.

Os aspectos a modificar son: as unidades de obra de movemento de terras, traballos previos e seguimento, revalorización muralla, estruturas, pavimentación e firmes, escaleiras mecánicas, cuberta e remates escaleiras, saneamento, abastecemento, electricidade, telecomunicacións, iluminación, mobiliario urbano, xardinería e rego.

As circunstancia que determinan a modificación son:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan, ou teñan unha ubicación diferente, as redes de servizos, as construcións soterradas ou os elementos de protección arqueolóxica ou, ben, teñan unhas condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.

- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos urbanos, deseño ou esquema funcional, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

As modificacións non poderán superar o 20% do prezo do contrato.

**III.- Procedemento**.- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 do TRLCS, figurando no artigo 234 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.
Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 108 , 211 e 234.b do TRLCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)

3. Informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 % do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 211.3.b TRLCS)

Os requisitos específicos para os contratos de obras do artigo 234 do TRLCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado ou executalas directamente.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

   a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
   b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
   c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, e dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recabarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 125 do TRLCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 e 234.1 do TRLCSP). Remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 29.1 do TRLCSP).

**IV.- Cumprimento de requisitos normativos**.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interés público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 105, 106 e 107 TRLCSP así como do apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 10.08.2017.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara consideracións ao mesmo.

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 26.12.2017.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 234.3 do TRLCS.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia por non exceder a cuantía da modificación do 10% do precio primitivo do contrato.

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 106 do TRLCS respeta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:
- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 99.3 do TRLCS)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

**V.- Ampliación de prazo**.- O PCAP establece na súa cláusula 24 que o prazo de execución poderá ser prorrogado por causa da modificación do contrato, non podendo exceder da metade do prazo inicial.

O proxecto modificado no apartado "prazo de execución e programación das obras" indica que "as condicións de execución deste modificado, onde se concretan labores de escavación e desmontaxes manuais compatibles cos condicionantes patrimoniais establecidos no informe da DX de patrimonio, requiren a ampliación do prazo en DOUS MESES E MEDIO"

**VI.- Competencia**.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ. FASE II” redactado pola *E*nxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal Dna. Mª Francisca Arlandis Marra e a Enxeñeira Industrial, Dna. Begoña Arranz González*,* con un importe adicional de 26.137,39 € PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 28.185,03 €, supoñendo un 3,72926 %, sendo de modificación sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 15d das FEC un 6,01072%, e un -2,28146% por variacións de medicións (artigo .234.3 TRLCS), resultando un prezo de contrato tras a modificación de 783.965,55 €.

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2,5 meses, sendo o prazo total resultante de 7,5 meses.

3º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1539.619.00.04 cos créditos do proxecto 17153904, do orzamento municipal, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(187).- PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V, DENDE TRAVESÍA DE VIGO Á RÚA PADRE CELSO”. EXPTE. 3549/443.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/02/18, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.619.00.28 (Humanización Rúa Aragón, Fase V”).

II.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 3 de maio de 2017, resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de "Humanización da Rúa Aragón, fase V", a prol da empresa GALAICONTROL S.L. (B36651487).

III.- A empresa GALAICONTROL S.L. presentou Proxecto de “Humanización da Rúa Aragón, Fase V”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, Dña. Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31 €) e data xuño de 2017.

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal, con data 01.02.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 04.02.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación desenvólvese na Rúa Aragón, no tramo desde Travesía de Vigo á Rúa Padre Celso.

As obras a executar abarcan unha lonxitude de uns 395 m., en dous tramos diferenciados; por un lado 300 m. de lonxitude ambos marxes e por outro lado 95 m. só por unha marxe.

As accións que se levarán a cabo na rúa son basicamente as seguintes:

- Renovación completa dos pavimentos.
- Redistribución do espazo.
- Renovación das instalacións de alumado, abastecemento e saneamento.
- Canalización de rede de baixa tensión e alumeado público.
- Execución dunha nova rede de rego.
- Modificación e execución de nova rede semafórica.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de NOVE meses.

VI.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal asina con data 08.02.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo "Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro" polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Lexislativo.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE V DESDE TRAVESÍA DE VIGO Á RÚA PADRE CELSO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31 €) e data xuño de 2017.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(188).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE CESIÓN GRATUÍTA AO CONCELLO DE UTILIZACIÓN E USUFRUTO DE COLECTOR DA RÚA ESPERANTO (ARRANXO E MANTEMENTO DA RÚA ESPERANTO EXPTE. 3767/440. CONEXIÓN DA REDE DE PLUVIAIS). EXPTE. 4469/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/02/18, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1º.-** O Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 dos de Vigo, en sentencia de 2 de decembro de 2013, ditada no recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario núm. 267/2012, estimou parcialmente o recurso contencioso-administrativo, interposto pola comunidade de propietarios do edificio "Calipso", na rúa Esperanto nº 2, contra a resolución de 21 de setembro de 2012 da Concellaría Delegada de Patrimonio do Concello de Vigo, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada no seu día ante esta Administración municipal pola dita comunidade de propietarios como consecuencia das filtracións, humidades e goteiras producidas no garaxe desta, situado no subsolo da rúa Esperanto, e condenou ao Concello de Vigo a adoptar as medidas oportunas para subsanar as deficiencias de impermeabilización da rúa Esperanto, constatadas no informe do Arquitecto D. Gerardo de Villanueva Ferrer, de data 18 de decembro de 2012, obrante como documento 2 da demanda, de conformidade coas propostas técnicas contidas no dito informe, nos termos expostos no fundamento sexto da sentencia.

**2º.-** A adopción —en execución da devandita sentenza— das medidas oportunas para subsanar as deficiencias de impermeabilización da rúa Esperanto, dadas as particulares circunstancias desta rúa, e do seu subsolo, constituído na súa meirande parte polo do aparcadoiro do edifico "Calipso", en cuxo forxado se apoia, determinou a necesidade de acometer á rede xeral as augas pluviais, que se recollen mediante reixas continuas a ambos lados da calzada central, para dirixilas aos sumidoiros.

**3º.-** Agora ben, a derivación da auga pluvial dos sumidoiros proxectados ten de realizarse a través dun colector que deberá discorrer necesariamente polo subsolo da rúa e, daquela, polo aparcadoiro do edificio "Calipso", situado, segundo vai dito, baixo a rúa.

**4º.-** E o caso que no aparcadoiro existe xa colector de diámetro 250 mm propiedade da comunidade de propietarios do edificio "Calipso", que discorre lonxitudinalmente baixo a rúa

ao longo da mesma, baixo o forxado do aparcadoiro e suxeito sobre a parede deste, nunha lonxitude duns 56 m.

**5º.-** Este colector, que actualmente recolle as augas das diferentes acometidas das vivendas do edificio "Calipso", con baixantes conectadas a este de diámetros comprendidos entre os 110 y 125 mm, serve cumpridamente para recoller tamén as augas pluviais derivadas dos devanditos sumideiros, mediante tubaxes de PVC de diámetro 110 mm.

**6º.-** Así as cousas, a comunidade de propietarios do edificio “Calipso” ofreceu ao Concello de Vigo a cesión gratuíta da utilización, baixo a forma xurídica de usufruto, do devandito colector que discorre lonxitudinalmente baixo a rúa, ao longo da mesma, baixo o forxado do aparcadoiro do edificio, suxeito á parede deste, nunha lonxitude duns 56 m, que, segundo vai dito, recolle actualmente as augas das diferentes acometidas das vivendas do edificio. Igualmente ofreceu a constitución gratuíta a favor do Concello de Vigo de servidume de apoio e suxeición do colector á parede do garaxe, a fin de que o Concello de Vigo poida dispoñer do mesmo como colector unitario de saneamento e pluviais da rúa.

**7º.-** A aceptación da cesión da utilización e usufruto do colector e da servidume de apoio por parte da Administración municipal comportaría, na oferta formulada, a obriga do Concello de asumir o mantemento**,** conservación, reparación e reposición do colector, e dos sumidoiros, canalizacións, ou derivacións que descarguen no mesmo procedentes da vía pública, propias da servidume de acueduto.

**8º.-** Esta solución foi a adoptada pola dirección da obra de impermeabilización da rúa Esperanto no momento da súa execución, pola súa idoneidade técnica e económica; idoneidade técnica e económica que foi avalada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, en informe de data 4 de abril de 2017, no que se avalía economicamente esta solución fronte á outra alternativa —novo colector suxeito á parede ou teito do aparcadoiro— para subsanar as deficiencias de impermeabilización da rúa Esperanto, dadas as particulares circunstancias desta rúa e do seu subsolo, que vimos de ver, resultando a adoitada como a economicamente máis vantaxosa.

**9º.-** O ofrecemento verbal á Dirección de Obra por parte da Comunidade de Propietarios do edificio Calipso da utilización do colector de referencia foi formalizado en acta da dita comunidade de 13 de xuño de 2017, na que se especifican as obrigas que asumiría o Concello de Vigo a cambio da cesión da utilización: a xa dita do mantemento**,** conservación, reparación e reposición do colector, e dos sumidoiros, canalizacións, ou derivacións que descarguen no mesmo procedentes da vía pública, propias da servidume de acueduto, e a responsabilidade por danos derivados da rotura polo uso ou falta de mantemento do colector, sumidoiros e ou canalizacións ou derivacións que descarguen no mesmo procedentes da vía pública.

A Comunidade de propietarios, pola súa parte, obrigase a informar ao Concello de Vigo de calquera imprevisto que se produza, con exposición clara, por escrito, do problema detectado, e reservase o dereito de que se nalgún momento ten que realizar calquera obra no colector non necesitará da autorización do Concello de Vigo.

## CONSIDERACIÓN DE FEITO E DE DEREITO

**I.-** O Regulamento de Bens das Entidades Locais, no seu artigo 12, establece que a adquisición de bens e dereitos a título gratuíto non estará suxeita a restrición algunha; porén se a adquisición levase anexa unha condición ou modalidade onerosa, so poderán

aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.

**II.-** As obrigas que asume o Concello de Vigo a virtude da aceptación da oferta da Comunidade de Propietarios do edificio Calipso non son tanto cargas dunha donación modal como obrigas que, a falta de pacto en contrario, derivan para esta Administración municipal da constitución do dereito á utilización do colector da Comunidade, sexa esta constitución gratuíta ou onerosa. Con todo o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal, con data 4 de abril de 2017, informou que a opción de empregar a canalización xa existente que ofrece a comunidade de propietarios do Edificio "Calipso", de diámetro 250 mm. e de 56 metros de lonxitude para recoller as augas pluviais da rúa Esperanto é unha opción economicamente máis vantaxosa que a de construír un novo colector de diámetro 250 mm. e de 56 metros de lonxitude destinado a recoller as augas pluviais da rúa Esperanto, por canto os custes de mantemento serían iguais en ámbolos dous casos —o colector actual está en bo estado— e o Concello aforraría os custes de execución do novo colector e de constitución da servidume de acueduto e apoio deste que tería que satisfacer á comunidade de propietarios do edificio Calipso.

**III.-** Canto ao dereito que pretende reservarse a Comunidade de Propietarios de realizar calquera obra no colector sen necesidade da autorización do Concello de Vigo, cómpre informar que tal dereito debe interpretarse cinguindoo ás obras de emerxencia que non admitan demora na súa execución, dando conta de xeito inmediato ao Concello, pois outra interpretación sería contraria á Lei do solo de Galicia, que suxeita a licencia os actos de edificación e uso do solo.

**IV.-** De conformidade coa disposición adicional segunda 3 TRLCSP corresponde á Xunta de Goberno Local a aceptación da oferta de referencia feita pola comunidade de propietarios do edificio Calipso

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aceptar a cesión gratuíta, ofrecida pola comunidade de propietarios do edificio Calipso, da utilización e usufruto do colector de 250 mm. de diámetro e de 56 metros de lonxitude, que discorre lonxitudinalmente baixo a rúa Esperanto, ao longo da mesma, baixo o forxado do aparcadoiro do edificio, suxeito sobre a parede deste, na lonxitude sinalada de 56 metros, que actualmente recolle as augas das diferentes acometidas das vivendas do edificio, así como a constitución gratuíta da servidume de apoio e suxeición deste á parede do aparcadoiro, a fin de que o Concello de Vigo poida dispoñer do mesmo como colector unitario de saneamento do edificio e pluviais da rúa.

**Segundo.-** Coa aceptación da dita cesión por parte desta Administración municipal, o Concello de Vigo asume a obriga do mantemento**,** conservación, reparación e reposición do mesmo e dos sumidoiros, canalizacións ou derivacións que descarguen no mesmo procedentes da vía pública.

**Terceiro.-** O Concello de Vigo será o responsable e asumirá o custo de calquera incidencia que se produza por rotura, mal uso, falta de mantemento e/ou conservación dos elementos tales como o colector obxecto da cesión, sumidoiros, e/ou canalizacións/derivacions que descarguen no mesmo procedentes da vía pública, responsabilizándose asímesmo das

reclamacions, gastos por desperfectos, limpeza, etc. que puidese xerar a instalación de saneamento.

**Cuarto.-** A comunidade de propietarios do edificio Calipso informará al Concello de Vigo de cualquier imprevisto con exposición clara del problema, mediante escrito presentado no Concello de Vigo dirixido á Concellería de Fomento ou a aquela que no seu momento teña a competencia delegada.

**Quinto.-** O dereito da Comunidade de Propietarios de realizar obras no colector sen necesidade da autorización do Concello de Vigo, cinguirase a aquelas obras de emerxencia que non admitan ningunha demora na súa execución, das que se dará conta de xeito inmediato ao Concello de Vigo.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(189).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez